



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL, MAR E MOCIDADE

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE CONTRIBÚAN Á REDUCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2026

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2026-2028, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc.; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes; redución do risco de incendios por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as franxas de protección; así como mediante o establecemento de sistemas por combinación de producións.

De cara a alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 12 de xuño de 2026, prestou aprobación á convocatoria e ás bases que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases canalizadoras e da súa convocatoria.

BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUCAN A REDUCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2026

Exposición de motivos

“A gandería extensiva é de suma importancia para salvagardar a riqueza natural dunha cuarta parte da superficie terrestre do planeta”. Nestes termos se expresa o informe “Pastoralismo e economía verde: un nexa natural?” realizado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).

Deste xeito, parte dos beneficios para o medio rural baséanse en que, ao aproveitar os recursos naturais existentes nos montes onde pasta o gando, requírese moi pouca achega de enerxía, xa que, en ocasións, con 0,1 QX ou menos obtense 1 QX de alimento na mesa do consumidor. Iso convértea na gandería con maior eficiencia enerxética global. Tamén está demostrado que un pastoreo equilibrado secuestra máis carbono que o sobrepastoreo ou a ausencia del.

Por outra banda, os animais adoitan pacer por lugares sen moita afluencia humana, onde os bosques non teñen mantemento como hai séculos. Neste senso, son moitos os estudos que confirman que os sistemas de silvopastoreo e gandería extensiva comportan múltiples beneficios fundamentais para os ecosistemas.

Asemade, os agricultores e pastores galegos poden dar fe de que o pastoreo no bosque axuda indirectamente a combater os incendios, xa que observan que o comportamento do lume cambia nas zonas onde existe menor densidade de combustible vexetal, por ser lugares onde pacían rabaños de diversas especies gandeiras.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector. Do mesmo xeito, os sectores gandeiro e agrícola constitúense en elementos clave no desenvolvemento do territorio e da sociedade.

Por elo, ao obxecto de artellar políticas e plans que permitan facer fronte ás ameazas contra o medio rural, é preciso dar atención ás necesidades dos produtores, emprendedores e poboadores do rural, así como ás prácticas levadas a cabo con éxito por eles mesmos e polos nosos antepasados, que contribuíron e contribúen á preservación da nosa riqueza natural ata o día de hoxe.

Porén, as poboacións dalgunhas especies silvestres, coma o lobo, están ocasionando, con máis frecuencia, que os aproveitamentos silvopastorís e a produción gandeira en extensivo se vexan afectados negativamente.

Para evitar estes danos é necesario artellar un conxunto de medidas que faciliten a convivencia da fauna salvaxe cun aproveitamento multifuncional do monte que permita a preservación do medio rural e a súa protección fronte ás múltiples ameazas existentes.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as Administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra as ameazas para os pastores e gandeiros demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, unido ao tratamento de áreas forestais, nun esquema de intervención, segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes.

Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensificación agro-forestal para a defensa do medio rural.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2026 a 2028, ten por obxectivo estratéxico *“contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”*, e aposta, entre outros obxectivos específicos, polo *“fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc.; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento da roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes”*.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2026, unha nova edición do Programa “O que non arde”, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que permitan a redución dos niveis de biomasa existente.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, procede á publicación do texto íntegro da convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2026, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2026.

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realizárase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados na Base 8, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, e de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5.

Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en diante, LSG), a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunhas das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ás beneficiarias destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de silvicultura e outras actividades forestais (código sector económico 02.1); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); prevéndose unha diminución ou eliminación das desigualdades que, en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, contribúe aos obxectivos das políticas de igualdade (código impacto de xénero 3); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

Base 4.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA), sempre que leven a cabo actividades silvopastorís con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á defensa do medio rural.

Asemade, as persoas físicas ou xurídicas solicitantes das axudas deben ser titulares de explotacións que inclúan algunha das seguintes tipoloxías de gando: cabalar, cabrún, ovino ou porcino, podendo incluír ademais especies de gando maior en sistemas mixtos de silvopastoreo.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarias.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Asemade, as beneficiarias quedarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Base 5.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2026, é de 400.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789.

O importe das axudas para cada beneficiaria será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 6.000 €.

Con todo, no suposto de que a solicitude de subvención inclúa a adquisición de pasos canadenses e/ou de los colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal, a contía máxima poderá alcanzar os 12.000 €, sempre que o importe da subvención afectado á súa adquisición sexa, como mínimo, de 6.000 €.

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5 % das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Base 6.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial, nas condicións establecidas nestas bases; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigadas as beneficiarias das subvencións.

Este tipo de axudas está previsto no Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Consonte ao dito Regulamento, estas axudas non son cualificables como axudas de Estado a empresa, pois non son susceptibles de ser incompatibles co mercado interior nos termos establecidos no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea, Serie L, número 352, do 24 de decembro de 2013.

Base 7.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións ás que se refire a Base 4, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro desta convocatoria e Bases será publicado, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a. Solicitude (Anexo I).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

b. No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).

c. Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.

d. Copia do NIF do solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

e. Copia do/s documento/s que acredite/n que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA; poderá acreditarse a dita inscrición con algún dos documentos indicados no apartado f) no que figure o número de REGA.

f. Cartografía catastral do SIGPAC ou similar, na que se sinalen os terreos nos que se practica o silvopastoreo, e declaración censual anual, emitida en data posterior ao 31 de decembro de 2025, acreditativa dos animais empregados na execución da actuación subvencionable.

g. Orzamento de gastos da actividade a subvencionar (Anexo III).

h. Declaración responsable (Anexo IV), na que se indique:

- Que a solicitante non se atopa en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.

- A desagregación do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención.

- Se o/a solicitante pediu e/ou lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade.

- Que o/a solicitante non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e o réxime de asunción do IVE.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

i. Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

j. No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Base 8.- Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (publicada no BOP número 9, do 11 de xaneiro de 2024), con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024-.

Establecerase unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración que se expoñen a continuación, tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao día de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As solicitudes presentadas serán ponderadas e ordenadas de acordo cos criterios de valoración indicados a continuación, e aprobaranse as solicitudes de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

1. Número de hectáreas susceptibles de aproveitamento por silvopastoreo, dentro dos terreos aproveitados polo/pola solicitante, de xeito que se produza a descontinuidade da biomasa vexetal co obxecto de contribuir á defensa do medio rural, ata 5 puntos, segundo se indica:

- Ata 5 ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, 1 punto.

- Superior a 5 ha e ata 10 ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, 2 puntos.

- Superior a 10 ha e ata 25 ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, 3 puntos.
 - Superior a 25 ha e ata 50 ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, 4 puntos.
 - Superior a 50 ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, 5 puntos.
2. Practicar o silvopastoreo polo menos con algún animal pertencente a unha das razas autóctonas galegas de gando cabalar, cabrún, ovino ou porcino (cabalo galego, cabra galega, ovella galega, porco celta): 1 punto.
 3. Pertenza a asociacións de produtores gandeiros de cabalar, cabrún, ovino ou porcino: 1 punto.
 4. Mulleres solicitantes: 3 puntos.
 - Entidade solicitante cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % de mulleres membros: 3 puntos.
 - Muller solicitante a título particular: 3 puntos.
 5. Non ter sido beneficiaria de subvención no marco da edición do programa “O que non Arde” 2025: 6 puntos.
 6. Non ter sido beneficiaria de subvención no marco de ningunha das edicións do programa “O que non arde” anteriores ao 2025: 4 puntos.
 7. As solicitudes presentadas por persoas, físicas ou xurídicas, así como as presentadas polas agrupacións ás que se refire a Base 4, que foran beneficiarias das subvencións correspondentes a este Programa na edición anterior e renunciaran a elas, terán que aplicar unha redución de 8 puntos sobre a suma da puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración anteriores.

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible, non podendo acceder algunha delas á subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese en aplicación dos criterios que se indican na seguinte orde:

1. Número de hectáreas susceptibles de aproveitamento por silvopastoreo, dentro dos terreos aproveitados polo/pola solicitante, de xeito que se produza a descontinuidade da biomasa vexetal co obxecto de contribuir á defensa do medio rural.
2. Practicar o silvopastoreo a lo menos con algún animal pertencente a unha das razas autóctonas galegas de gando cabalar, cabrún, ovino ou porcino (cabalo galego, cabra galega, ovella galega, porco celta).
3. Pertenza a algunha asociación de produtores gandeiros.

Se, aplicados os ditos criterios, o empate persistira, repartirase o orzamento dispoñible, a partes iguais, entre as solicitudes que se atoparan nesta situación.

Base 9.- Instrución do procedemento

A Área de Medio Rural, Mar e Mocidade será o órgano responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida nas Bases 7 e 8, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirá á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previo acordo da Xunta de Goberno que lle será notificado mediante publicación no BOP de Lugo.

Revisados os expedientes e, no seu caso, completados, a avaliación das solicitudes presentadas levarase a cabo por unha Comisión, que emitirá informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada e a prelación das solicitudes.

Presidirá a dita Comisión a presidenta da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue, integrándoa, ademais, tres empregados públicos da mesma entidade (designados por Resolución de aquel), a súa interventora e o secretario xeral.

Sen prexuízo do anterior, establécese un procedemento simplificado, no que non será necesaria a constitución da dita Comisión, no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, por non ser necesario establecer unha prelación entre as mesmas.

Neste suposto, serán os técnicos da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade os encargados da avaliación das solicitudes e da emisión do informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Proposta de concesión provisional

O órgano instrutor, á vista do expediente e, no seu caso, do informe da Comisión de Avaliación, e previa fiscalización, efectuará proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos para os que se propón a concesión

das subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP), por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Proposta de concesión definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, o órgano instrutor, previa fiscalización, formulará a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Base 10.- Resolución de concesión das axudas

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a relación de solicitantes ás que se conceden as subvencións e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir da publicación do extracto desta convocatoria no BOP de Lugo. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

Base 11.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

Base 12.- Prazo de execución das actividades

O prazo de execución das actividades subvencionadas esténdese dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, ambos do ano 2026.

Base 13.- Subcontratación das actividades subvencionadas polas beneficiarias

Enténdese que unha beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a beneficiaria para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, a realización da actividade subvencionada, cumprindo co establecido no artigo 29 da LXS.

Os contratistas quedarán obrigados só ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS, para permitir a axeitada verificación do respecto á natureza e contía dos gastos subvencionables.

Base 14.- Modificación dos investimentos a subvencionar

As beneficiarias quedan comprometidas a realizar a actividade obxecto de subvención nos termos formulados na súa solicitude, coas modificacións que, de ser o caso, se acepten pola Deputación nos supostos e na forma previstos a continuación.

En casos excepcionais debidamente xustificados, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, poderá/n modificarse o/s investimento/s a realizar, segundo a solicitude de subvención e a resolución de concesión das subvencións, co cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Previamente á realización do/s investimento/s, deberá solicitarse autorización á Deputación de Lugo para a modificación de aquel/es; solicitude que deberá ir acompañada de xustificación suficiente do seu motivo.
2. A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade será a competente para tramitar a dita solicitude, emitindo o correspondente informe e a subseguinte proposta para que a Xunta de Goberno estime ou, de ser o caso, desestime a solicitude.

En ningún caso, a estimación da solicitude poderá afectar á finalidade que fundamentou a concesión da subvención nin alteración dos criterios tidos en conta para elo.

A resolución da solicitude de modificación do/s investimento/s será notificada á solicitante de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da LPACAP.

Base 15.- Xustificación das subvencións

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención revestirá a forma de conta xustificativa do gasto realizado, constituíndo a súa rendición un acto obrigatorio da beneficiaria na que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será o 31 de marzo de 2027.

Logo de transcorrer o prazo establecido no apartado anterior sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade, requirirase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola beneficiaria, porao no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección.

A falta de presentación da conta xustificativa da subvención nos citados prazos ou a xustificación insuficiente dará lugar a que a beneficiaria sexa declarada decaída no seu dereito ao trámite correspondente, de conformidade co establecido no artigo 73.3 da LPACAP; así como ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades nas que poida incurrir, previstas na lexislación xeral de subvencións e na restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución establecido na Base 12.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido nos parágrafos anteriores.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrera nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- a. Os xuros debedores das contas bancarias.
- b. Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c. Os gastos de procedementos xudiciais.

Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Concretamente, será subvencionable a adquisición dos elementos sinalados nos seguintes bloques:

1. Pastores eléctricos e elementos de alimentación eléctrica

Será subvencionable a adquisición de pastores e/ou a de elementos para a súa alimentación eléctrica, tales como baterías, placas fotovoltaicas ou similares; tanto para a instalación de novos peches como para o mantemento de elementos dos xa existentes, no caso do seu deterioro ou da chegada ao fin da súa vida útil. Poderase solicitar a adquisición ou substitución dun máximo de 1 pastor eléctrico e 1 elemento de alimentación eléctrica para o dito pastor por cada unha das tipoloxías de gando coas que se realice o silvopastoreo en extensivo. É dicir, poderá solicitarse subvención para un máximo de 4 pastores e 4 elementos para a súa alimentación eléctrica.

2. Valados

a) Valados móbiles de malla electrificada

Segundo a tipoloxía e o tamaño da explotación, será obxecto de subvención a adquisición ou substitución de peches e/ou a adquisición de elementos deles integrantes, podendo solicitar a axuda para a seguinte cantidade de valados móbiles de malla electrificada por persoa ou entidade solicitante, tendo en conta o establecido no Anexo V:

- Explotación con menos de 5 UGM: nova instalación ou mantemento de 2 valados móbiles de malla electrificada.
- Explotación con 5 - 10 UGM: nova instalación ou mantemento de 4 valados móbiles de malla electrificada.
- Explotación con máis de 10 UGM: nova instalación ou mantemento de 6 valados móbiles de malla electrificada.

Asemade, a malla electrificada de nova adquisición ou obxecto de mantemento terá que cumprir os seguintes requisitos:

- Altura mínima 0,90 metros (no caso de que o silvopastoreo se leve a cabo con gando ovino ou porcino de xeito predominante).
- Altura mínima 1,05 metros (no caso de que o silvopastoreo se leve a cabo con gando cabrún de xeito predominante).
- Lonxitude mínima 50 metros.

b) Valados fixos electrificados

Tamén será subvencionable a adquisición de valados fixos de cable ou malla electrificada e/ou o mantemento dos xa existentes.

Os valados fixos electrificados terán que cumprir o seguinte requisito:

- Altura mínima 1,50 metros para gando ovino e cabrún, e 1,20 metros para gando porcino, con reforzo de fío preto do chan.

c) Valados virtuais (colares)

Do mesmo xeito, no suposto de explotacións que, no seu proceso de dixitalización, utilicen valados virtuais para a modernización da gandería, será subvencionable a adquisición dos colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal.

3. Elementos de manexo

Será subvencionable a adquisición e/ou substitución de elementos de manexo do gando na práctica de silvopastoreo (cepos, curros, mangas de manexo, comedeiros e bebedeiros móbiles, tolvas, refuxios, pasos canadenses, etc.).

En particular, poderán ser obxecto de subvención os refuxios modulares móbiles.

As solicitudes de subvención deberán incluír un orzamento no que se especifiquen os investimentos a realizar, por bloques, tal e como se indica no anexo III.

Os gastos incluídos no dito orzamento consideraranse estimativos, polo que, no suposto de beneficiarias de subvención para distintos tipos de gastos, de máis dun bloque ou do mesmo, poderán compensarse entre eles as eventuais desviacións acaecidas, sempre que se trate dos bloques 1 a 3.

Con todo, cando o orzamento inclúa gastos de máis dun bloque, a non realización dos gastos de algún/s del/es derivará na perda ao dereito á subvención polo importe concedido correspondente ao/s dito/s bloque/s.

Do mesmo xeito, cando o orzamento inclúa gastos de adquisición de pasos canadenses e/ou dos colares necesarios para a monitorización da actividade animal, a non realización destes levará aparellada a perda ao dereito á subvención polo importe concedido nestes conceptos.

Documentación xustificativa

A contas xustificativas de cada unha das subvencións concedidas presentaranse a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”, sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

Para a xustificación das subvencións outorgadas, en aplicación do disposto no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024), establécese unha conta xustificativa simplificada, que deberá integrar a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada polo persoa responsable (Anexo VI).

b) Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pago, forma de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación (Anexo VII).

c) Declaración conxunta (Anexo VIII):

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria deu a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

d) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

- Do resto de xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

- Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
- Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

- Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

e) Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou a seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago “en efectivo” ou “pagado en caixa”.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

f) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor (15.000 € -sen IVE-, en servizos e subministracións; e 40.000 € -sen IVE-, en obras), as ofertas solicitadas en aplicación do establecido no artigo 31.3 da LXS que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á concesión da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

g) Compromiso da beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un período mínimo de dous anos (Anexo IX).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

h) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

O centro xestor deberá achegar á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria copia do Anexo IV da solicitude de concesión de subvención e, no suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000€, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia

Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán achegarse, polo centro xestor, para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Presentadas as contas xustificativas, o centro xestor comprobará a corrección da documentación achegada, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinaron a súa concesión ou goce, así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Asemade, realizaranse as correspondentes comprobacións *in situ*. Estas serán levadas a cabo por técnico competente, que emitirá certificación acreditativa de que as actuacións realizadas e xustificadas se corresponden coas que figuraban na solicitude da subvención e na resolución de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das xustificacións presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de perda do dereito ao cobro da/s subvención/s.

Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento realizados no período subvencionable ao que se refire a Base 12, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase o seu importe en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que as actuacións deberán ser financiadas pola beneficiaria, cando menos, na porcentaxe establecida na Base 5 (5%), se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios alcancen aquela.

Nestes casos, as reducións practícaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Base 16.- Pago da subvención

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación por aqueles das contas xustificativas que acrediten a realización das actuacións para as que se concederon, nos termos establecidos na Base anterior; e tamén previa emisión, polos Servizos desta Deputación Provincial, dos correspondentes informes e da resolución de aprobación de aquelas pola Presidencia, que serán motivados a efectos de deixar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres a beneficiaria non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Exclúese a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta.

Base 17.- Renuncia

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da LPACAP.

Base 18.- Plan de auditoría anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polas beneficiarias das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 19.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i. Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

As beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

Base 20.- Réxime de recursos

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

Base 21.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como

consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público, conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 6.1.c) do RXPd, sendo o tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento, fundamentada na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os datos de identificación das persoas beneficiarias serán comunicados: á Axencia Estatal da Administración Tributaria; á Base de Datos Nacional de Subvencións; e ao BOP, a fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento.

As persoas interesadas no procedemento poderán solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercer outros dereitos que lles asistan, e consultar información adicional, segundo se indica, en <https://deputacionlugo.gal/gl/lopd>

Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org

Base 22.- Vixencia e modificación das Bases

As presentes Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

A vixencias das Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no BOP de Lugo, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manténdose vixentes durante o prazo máximo fixado para o aboamento das subvencións, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2027.

Base 23.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 38, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Disposición Adicional.- Declaracións responsables

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.

Lugo, 15 de xuño de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto do 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1621

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 03 de xuño do 2026 adoptou o acordo de aprobar inicialmente o Regulamento municipal do programa XANTAR NA CASA do Concello de Baleira (Lugo).

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente sométese a información pública e audiencia das persoas interesadas polo prazo de TRINTA (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poidan examinalo e presentar as reclamacións, alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

O expediente poderá ser consultado nas dependencias municipais do Concello de Baleira e na sede electrónica municipal.

No caso de que durante o citado prazo non se presenten reclamacións, alegacións ou suxestións, o acordo de aprobación inicial entenderase elevado automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

Baleira, 9 de xuño de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1588

GUITIRIZ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase o Decreto 2026-0615 en data 10/06/2026 onde se resolve:

*“PRIMEIRO.- Delegar na concelleira dona Paula Campo Barral as atribucións da alcaldía para oficiar o acto de celebración de matrimonio entre dona Nuria Rodríguez Espiñeira (****0856*) e don Rubén Lorenzo Gómez (****1482*) o día 04/07/2026 ás 12:30 horas no Concello de Guitiriz.*

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución ás persoas interesadas, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.”

Guitiriz, 11 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1589

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía o padrón dos vados correspondente ao ano 2026, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondente padrón, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario da taxa vados correspondente ao ano 2026, terá lugar dende o días **01/07/2026 ao 31/08/2026** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase:

- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas aos vados faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal

como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 8 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1590

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO. 1 XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 15/06/2026 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 15/06/2026 aprobou as bases para seleccionar **1 xefe de brigada**.

Modalidade de contratación: contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

- Duración: 3 meses. Anualidade 2026.
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta, incluído o rateo das pagas extra, será de
 - Xefe de brigada: 1.526,00
- Funcións: propias de cada posto, segundo se recolle nas bases e no Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 15 de xuño de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 1622

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida

Con fecha 19 de mayo de 2026 se inicia expediente en relación con la solicitud de baja en el Padrón de habitantes presentada por el dueño de la vivienda, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

D/Dª El Hajjaji Abdenbi, con documento n.º: ***8599**

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 11 de junio de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 1591

LUGO

*Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE 1 POSTO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

Vista providencia do Director Xeral de Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo de incoación de expediente, de data 10 de xuño de 2026, para a provisión de 1 posto de traballo no Servizo de Persoal no Excmo. Concello de Lugo, para a súa cobertura urxente en comisión de servizos por un prazo de un ano prorrogable por outro, mediante este anuncio se pon en xeral coñecemento dos/as interesados/as que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, para que presenten instancia por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, coa solicitude do posto, acompañándose do currículo vitae e informe positivo da Administración de procedencia, no prazo de 5 días hábiles que comezarán a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo	OBSERVACIÓNS
1	XEFE/A DE SERVIZO	06/208	A.X	TEC.	A1	Aberto a todas as Administracións Públicas

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos desempeñados así como a formación e/ou méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto a desempeñar.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da sede electrónica e remitirase o anuncio aos correos corporativos e BOP de Lugo.

Lugo, 11 de xuño de 2026.- A alcaldesa presidenta, María Elena Candia López.

R. 1592

*Anuncio***DECRETO****Excma. Sra. dona MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto o Acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

Visto o Acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27.12.2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o Acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 28.06.2024 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

Visto o Acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025.

Visto o Acordo 2/213 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de maio de 2026 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DEZASETE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (4 INCLUÍDAS NA OEP 2023, 2 INCLUÍDAS NA OEP 2024 E 11 INCLUÍDAS NA OEP 2025).

Tendo en conta o anteriormente exposto, no uso das atribucións que confire o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e visto o Decreto nº 4003/2026 do 12/05/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 17 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (4 INCLUÍDAS NA OEP 2023, 2 INCLUÍDAS NA OEP 2024 E 11 INCLUÍDAS NA OEP 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 2/213 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 29 de maio de 2026, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 17 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEPS 2023, 2024 e 2025) do seguinte teor literal:

APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DEZASETE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (4 INCLUÍDAS NA OEP 2023, 2 INCLUÍDAS NA OEP 2024 E 11 INCLUÍDAS NA OEP 2025).

1º.- OBXECTO

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a 17 prazas de bombeiro/a condutor/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (4 incluídas na OEP 2023, 2 incluídas na OEP 2024 e 11 incluídas na OEP 2025) en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE, ASÍ COMA AS PRAZAS RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: bombeiro/a condutor/a

b) Grupo C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais-extinción de incendios

3º.- SISTEMA SELECTIVO

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

– Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.

– Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.

– Estar capacitado/a para exercer calquera oficio relacionado coas necesidades do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.

– Estar en posesión da licenza de navegación ou superior.

– Acreditar a aptitude física coa presentación dun certificado médico oficial que faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que reflecta o certificado médico.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos/as interesados/as nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta. De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de

protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria. En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

- c) Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- d) Permiso de conducir da clase C.
- e) Licenza de navegación ou superior.
- f) Certificado médico oficial que faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que reflicta o certificado médico.
- g) Relación de méritos para a fase de concurso. Os méritos aportados pola/o aspirante de cara á súa posterior valoración deberán presentarse coa presentación de instancias. No caso particular do cálculo da experiencia profesional, esta valorarase ata o derradeiro día marcado no prazo de entrega de instancias.

O prazo de presentación de instancias será **de vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inemendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

O proceso selectivo constará das seguintes fases:

- A1. Fase de oposición
- A2. Concurso
- A3. Curso teórico-práctico de formación e período en prácticas

A1. FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de seis exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non alcanzasen a cualificación mínima establecida para cada un deles. A corrección dos exercicios realizarase garantindo en todo momento o anonimato das/os opositoras/es.

I.1. Primeiro exercicio: coñecemento da lingua galega

I.2. Segundo exercicio. Proba de coñecemento teórico

I.3. Terceiro exercicio. Probas físicas

I.4. Cuarto exercicio: Probas prácticas

I.5. Quinto exercicio: Proba psicotécnica

I.6. Sexto exercicio: Recoñecemento médico

I.1. PRIMEIRO EXERCICIO. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Na realización deste exercicio haberá que atermos ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

I.2. SEGUNDO EJERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTO TEÓRICO

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Este exercicio consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de dúas horas e trinta minutos, un cuestionario dun máximo de 100 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, determinadas polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado coas materias comprendidas no **Anexo I** desta convocatoria.

Esta proba será cualificada cunha nota de 0 a 10 puntos, e será necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Cada pregunta puntuarase do seguinte xeito:

- Se se acertou a resposta correcta, outórgaselle 1 punto positivo (+1)
- Se se fallou, outórganselle 0,25 puntos negativos (- 0,25)
- Se se deixou en branco, outórganselle 0 puntos (0)

A nota será calculada a partir dos puntos obtidos no test utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 5 + 5 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = Puntos obtidos pola persoa aspirante no test.

P_c = Puntos de corte; isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o test.

N = Nota obtida pola persoa aspirante no exercicio.

Nota aclaratoria: o test consta de 100 preguntas. Cada unha delas ten 4 opcións, sendo soamente unha resposta a correcta.

Unha vez puntuadas todas as preguntas, sumaranse os puntos outorgados, co que se obtén o que se denomina **PUNTOS (P)**. Por iso, os máximos PUNTOS que se poden obter é de 100 puntos (respondendo todas as preguntas correctamente).

A continuación, o tribunal determinará a puntuación de corte, é dicir, a puntuación necesaria para pasar este primeiro exercicio [**PUNTOS DE CORTE (P_c)**]. Esta puntuación será, por defecto, de 50 puntos, pero poderá ser reducida polo tribunal se o número de solicitantes que acada estes 50 puntos é inferior ao número de prazas ofertadas multiplicado por 7. Neste caso, poderíase reducir progresivamente até o mínimo de 40 puntos, unha vez feitos os descontos correspondentes á puntuación mínima até completar o número máximo de prazas ofertadas multiplicado por 7.

No caso de ser necesaria a redución dos puntos de corte (P_c) por debaixo de 50, polo tanto, o número de aspirantes que superan o exercicio será de 119 persoas. podendo incrementarse este número o estritamente necesario no caso de que no derradeiro posto do corte haxa máis dun/dunha aspirante coa mesma puntuación.

Cos puntos (P) obtidos pola persoa aspirante e os puntos de corte (P_c) determinados polo tribunal segundo o parágrafo anterior, xa se pode aplicar a fórmula da que resultará a **NOTA (N)** do exercicio, que acadará, como moito, os 10 puntos.

- Para a preparación deste exercicio, teranse en conta as seguintes referencias bibliográficas:

Manuais de preparación: "Formación libre para bombeiros". Publicados na páxina web do CEIS de Guadalaxara:

<https://www.ceisguadalajara.es/category/documentacion/>

Todos os documentos atópanse protexidos por unha licenza Creative Commons do tipo BY-NC-SA, de forma que se permite a súa copia, distribución, comunicación e transformación, sempre que se acredite a súa autoría (CEIS Guadalaxara e colaboradores correspondentes), non se utilice con fins comerciais e a obra ou as súas transformacións compártanse baixo unha licenza idéntica a esta.

Ademais, neste exercicio teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estean en vigor no momento da publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos.

I.3. TERCEIRO EJERCICIO. PRBAS FÍSICAS:

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar todas as probas físicas que se indican no **anexo II**.

Para superar este exercicio, deberán superarse cada unha das probas de que consta o **anexo II** sendo, polo tanto, cada unha delas eliminatória.

A nota final deste exercicio será o resultado da media do sumatorio da puntuación das probas contidas no **anexo II**.

I.4. CUARTO EJERCICIO: PRUEBAS PRÁCTICAS:

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar todas as probas teórico-prácticas que se recollen no **anexo III**.

Para superar este terceiro exercicio, o resultado da media do sumatorio da puntuación das probas contidas no **anexo III**, deberá ser de cinco puntos.

As persoas aspirantes deberán realizar todas as probas contidas no **anexo III**, e serán puntuadas cada unha delas entre 0 e 10 puntos. A cualificación final das/os aspirantes que realizaron o terceiro exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas. As/Os aspirantes que non superaran a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminadas.

I.5. QUINTO EJERCICIO: PRUEBA PSICOTÉCNICA:

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións de bombeiro/a condutor/a que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

Consistirá na realización de dúas probas:

a) Proba de intelixencia: realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Proba de personalidade: a proba orientarase á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función de bombeiro/a condutor/a, así como o grao de adaptación persoal e social das/os aspirantes.

Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade.

Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polas demais persoas, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo de bombeiro/a condutor/a.

I.6. SEXTO EJERCICIO: RECOÑECIMIENTO MÉDICO

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun recoñecemento médico no que se valorará se nas persoas aspirantes concorre algunha das causas de exclusión que figuran no **anexo IV** destas bases.

Cualificarase como apto ou non apto.

Para a realización da proba aplicaráselles ás persoas aspirantes as técnicas médicas de uso habitual que se xulguen oportunas, incluída a analítica de sangue e ouriños.

PUNTUACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN:

Unha vez superados todos os exercicios da fase de oposición, a puntuación final de cada aspirante será o resultado da media do sumatorio das puntuacións totais obtidas nos exercicios 2, 3 e 4 da fase de oposición, con base dez e redondeada ata a terceira cifra decimal.

En caso de empate, na puntuación final resolverase seguindo a seguinte orde de prioridade:

1º Maior puntuación no **segundo exercicio: PRUEBA DE COÑECIMIENTO TEÓRICO**

2º Maior puntuación no **terceiro exercicio: PRUEBAS FÍSICAS**

3º Maior puntuación no **cuarto exercicio: PRUEBAS PRÁCTICAS**

De persistir o empate, resolverase por sorteo público.

REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS.

As persoas aspirantes acudirán provistas do DNI, NIE ou documento oficial acreditativo da súa identidade. Non se permitirá o acceso ás zonas de oposición nas que se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a/o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

O tribunal poderá requirirles ás persoas aspirantes ás ditas prazas de bombeiro/a condutor/a para realizar a proba de dopaxe, se o estimase oportuno.

A2. FASE DE CONCURSO

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento da presentación de instancias.

A valoración de méritos realizarase unha vez realizada a fase de oposición e respecto das persoas aspirantes que superaran a dita fase.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

A valoración das devanditas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia na fase de concurso non supoñerá máis dun 30% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

Os méritos serán valorados de acordo co seguinte baremo:

1. Antigüidade por servizos prestados (máximo 3 puntos)

Antigüidade por servizos prestados como funcionarios/as de carreira, funcionarios/as interinos/as, persoal laboral fixo ou temporal no posto de bombeiro/a condutor/a pertencentes aos servizos de prevención e extinción de incendios ao servizo das administracións públicas:

- Por cada ano ou fracción superior a 6 meses: 0,15 puntos.

Para este cómputo, o período no que as persoas empregadas utilizaran ou estean a utilizar unha licenza por maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares equipárase ao de servizo activo.

Acreditación:

- Certificado de prestación de servizos na Administración correspondente no posto de bombeiro/a-condutor/a, onde figure o tempo de prestación de servizos acompañado da vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Unicamente, se valorará a experiencia en corpos de bombeiros/as con esta denominación: **bombeiro/a condutor/a** ou con funcións análogas ás deste posto de traballo no Concello de Lugo.

Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas ás de bombeiro/a condutor/a (oficial GES, oficial/capataz GRUMIR, traballador forestal e do medio ambiente, peón ou similares). Tampouco se valorará a experiencia profesional en empresas privadas.

Para a determinación das entidades que teñen a consideración de Administración pública, considerarase o establecido no artigo 2.3 tanto da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas como da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2. Formación (máximo 4 puntos)

Cursos de especialización: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e até a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto, convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, AGASP, Universidades, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas, de acordo co seguinte:

- Cursos de até 20 horas: 0,10 puntos.

- Cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos.

- Cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos.

- Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos, incrementándose 0,10 puntos por cada fracción de 100 h, até un máximo de 1 punto.

A realización dun mesmo curso, aínda que se refira a edicións distintas, será valorado unha soa vez. Será valorado sempre o último realizado. Non se computarán aqueles cursos en cuxa acreditación non figuren horas nin créditos.

3. Titulacións académicas (máximo 1 punto):

Só se computarán as titulacións superiores da mesma rama de coñecemento que a titulación esixida para a praza e que proporcionen unha forma avanzada da especialización profesional ou adquisición de competencias sobre os estudos esixidos, segundo o seguinte baremo:

- Doutoramento: 1 punto.
- Mestrado Oficial Universitario: 0,75 punto.
- Grao ou licenciatura: 0,75 punto.
- Diplomatura: 0,50 punto.
- Ciclo superior de F.P.: 0,25 punto.
- Ciclo medio de F.P.: 0,15 punto.

No caso concreto de valoración de méritos para os postos de traballo encadrados dentro da subescala de servizos especiais, esta quedará establecida nas bases específicas da convocatoria correspondente, atendendo á natureza e peculiaridades do posto ofertado.

4.- Coñecemento da lingua galega (máximo 0,5 puntos):

Non serán baremables os certificados CELGA 1, 2 e 3 oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega por tratarse dun requisito obrigatorio para superar os diferentes procesos selectivos na comunidade autónoma galega.

- CELGA 4: 0,15 puntos.
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,25 puntos.
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 0,5 puntos.

Acreditación:

- Deberá presentarse a copia cotexada das titulacións.

Non se puntuarán como cursos a superación de módulos de certificados profesionais.

O tribunal cualificador poderá requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade da documentación presentada, así como cantas precisións estime oportunas.

PUNTUACIÓN FINAL DO CONCURSO-OPOSICIÓN

A orde de prelación das persoas aspirantes distribuirase en función da puntuación final con base dez e redondeada até a terceira cifra decimal, tendo en conta que:

- A puntuación obtida na **fase de concurso** representará o 30% da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 8,5 puntos.
- A puntuación obtida na **fase de oposición** representará o 70% da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos. Así mesmo, dentro da fase oposición, as puntuacións obtidas nos exercicios segundo (proba de coñecemento teórico)

terceiro (probas físicas)

cuarto (probas prácticas)

representarán, segundo e terceiro exercicio, o 20% da puntuación, e o cuarto exercicio o 30% da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 8,5 puntos.

Deste xeito, a puntuación final do proceso selectivo queda repartida tal como se recolle na seguinte táboa:

VALORACIÓN CONCURSO-OPOSICIÓN			
CONCURSO			
EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TITULACIÓNS ACADÉMICAS	LINGUA GALEGA
0-3 puntos	0-4 puntos	0-1 punto	0-0,5 puntos
0-8,5 puntos			
30%			

OPOSICIÓN					
PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUARTO EXERCICIO	QUINTO EXERCICIO	SEXTO EXERCICIO
LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTO TEÓRICO	PROBAS FÍSICAS	PROBAS PRÁCTICAS	PROBA PSICOTÉCNICA	RECOÑECEMENTO MÉDICO
Apto/non apto	0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	Apto/non apto	Apto/non apto
-	20%	20%	30%	-	-

I.3. CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DE FORMACIÓN E PERÍODO EN PRÁCTICAS (NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS EN PRÁCTICAS)

As persoas aspirantes, unha vez superado o concurso-oposición e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, ingresarán como funcionarias/os en prácticas e deberán superar un curso teórico-práctico de formación para bombeiros/as condutores/as de novo ingreso nun centro de formación homologado, cunha duración mínima de 80 horas, e prácticas no centro de traballo para realizar polo Concello, e que abranguerán un período de dous meses.

Unha vez concluído o período de formación e prácticas, o órgano responsable da súa avaliación elevará á autoridade que efectúase a convocatoria o nomeamento de funcionarias/os de carreira das persoas aspirantes que superaran este.

As/Os aspirantes que non superen o período de formación e prácticas perderán o dereito ao seu nomeamento como funcionario de carreira, mediante resolución da Xunta de Goberno Local, de ser o caso, a proposta do órgano responsable do seguimento das prácticas ou da avaliación do curso.

As/Os aspirantes que non puideran realizar o período de formación e prácticas por causa de forza maior, debidamente xustificada e apreciada pola Alcaldía, poderán incorporarse ao inmediatamente posterior que se celebre intercalándose no lugar correspondente á puntuación obtida.

ANEXO I: TEMARIO

PARTE XERAL

TEMA 1.- A Constitución de 1978: dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

TEMA 2.- A Comunidade Autónoma Galega: o Parlamento de Galicia. Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica.

TEMA 3.- O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais. O municipio de Lugo.

TEMA 4.- O procedemento administrativo común: principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos. Administración electrónica.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 5.- Teoría do lume: definición de combustión. Diferenza entre lume e incendio. Clases de lumes segundo a UNE EN 2. Triángulo e tetraedro do lume. O comburente. Os combustibles. O rango e os límites superior e inferior de inflamabilidade. A enerxía de activación. A reacción en cadea. Produtos da combustión. A calor e a temperatura. Métodos de transferencia de calor (conducción, radiación e convección). A chama. O fume. Os gases de combustión. Fases na evolución dun incendio.

TEMA 6.- Teoría da extinción do lume e axentes extintores: extinción por desalimentación ou eliminación do combustible; extinción por sufocación, dilución ou eliminación do comburente; extinción por redución da temperatura ou arrefriamento; extinción por inhibición ou rotura da reacción en cadea. Principias axentes extintores sólidos, líquidos e gasosos. Propiedades dos axentes extintores. Mecanismos de extinción dos axentes extintores. Aplicación e limitacións dos axentes extintores.

TEMA 7.- Materiais, equipos e ferramentas de extinción e outros empregados na loita contra incendios: mangueriras. Rácores. Bifurcacións. Reducións. Lanzas. Monitores. Proporcionadores e xeradores de espuma. Ventiladores. Instrumentos de medición (detector de gases, cámara térmica). Cordas guía.

TEMA 8.- Nocións básicas do Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios (RIPCI), anexo I, sección 1, protección activa contra incendios: os extintores de incendio. Definición, clasificación en función da carga, localización, identificación e eficacia dos extintores; sistemas de bocas de incendio equipadas. Tipoloxías, características principias e instalación das BIE; columna seca. Características principias das columnas secas; sistemas fixos de extinción. Tipoloxías e composición básica dos sistemas fixos de extinción.

TEMA 9.- Hidráulica básica: presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. O caudal. Hidrodinámica. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perdas de carga nunha instalación hidráulica (tendido de manguerías). Reacción en lanza. Golpe de ariete. Efecto Venturi. Bombas centrífugas empregadas nos vehículos contra incendios e turbobomba; compoñentes principais e principios de funcionamento. A aspiración en bombas. Cebado das bombas centrífugas.

TEMA 10.- Equipos de protección individual: clasificación dos EPI segundo o Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo aos equipos de protección individual. Normativa de aplicación e especificacións principais de cascos, capuchas, traxe de intervención formado por chaquetón e cobrepantalón, arneses de suxeición, asento e antiácidas, calzado, luvas, equipos especiais para protección do bombeiro na loita contra o lume.

TEMA 11.- Protección respiratoria para bombeiros: riscos respiratorios para os bombeiros. Tipos de equipos de protección respiratoria. Compoñentes dos equipos de protección respiratoria autónomos de circuíto aberto de aire comprimido e presión positiva (ERA). Autonomía. Cálculo teórico da autonomía a partir dun consumo dado.

TEMA 12.- Extinción de incendios no interior de edificios e establecementos industriais: consideracións xerais das técnicas de intervención nos incendios en edificios e establecementos industriais. Control da propagación. Métodos de aplicación de auga con manguerías. Tendidos de mangueira e tipoloxías destes. Riscos de *flashover* e *backdraft*. Traballos en espazos sen visibilidade. Técnicas de mergullo en fume, rastreo e busca de vítimas. Caracterización dos establecementos industriais segundo o Real decreto 164/2025, do 4 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (RSCIEI), configuración e localización do establecemento con relación ao contorno e nivel de risco intrínseco. Os fenómenos de *BLEVE* e *BOILOVER*.

TEMA 13.- Incidentes con mercadorías perigosas: clasificación das mercadorías perigosas segundo o ADR (Acordo internacional para o transporte de mercadorías perigosas por estrada). Identificación das mercadorías perigosas. Panel laranxa (número de identificación do perigo e número de identificación da materia ou número ONU). Etiquetas de perigo (Placas - etiquetas). Tipoloxías dos accidentes con mercadorías perigosas. Niveis de protección na vestimenta dos bombeiros nas emerxencias NRBQ (nuclear, radiolóxica, biolóxica e química). Zonificación. Descontaminación.

TEMA 14.- Protección pasiva fronte ao lume: reacción e resistencia ao lume dos produtos de construción e elementos construtivos. Definición e clasificación.

TEMA 15.- Apeos e apontoamentos. Definicións. Ferramentas e materiais. Tipoloxía dos apontoamentos. Esteamentos. Tipos de esteamentos. Risco eléctrico. Contacto eléctrico directo e indirecto. Intervención en incidentes con alta e baixa tensión.

TEMA 16.- Os incendios forestais e de interface urbano forestal: Clases de incendios forestais. Partes dun incendio forestal. Factores que determinan o comportamento dun incendio forestal. Modelos de combustibles forestais. Técnicas de intervención, ataque directo e ataque indirecto. Liñas de control e de defensa. Queimas de ensanche. Contralumes. Cortalumes. Aditivos empregados na loita contra lumes forestais. Aplicación de auga. Precaucións xerais.

TEMA 17.- Rescate e salvamento: rescates en accidentes de tráfico. Ferramentas hidráulicas e pneumáticas de rescate. Outros equipos utilizados en accidentes de tráfico. Zonificación do accidente. Técnicas de estabilización dos vehículos. Técnicas básicas de excarceración. Extracción da vítima. Material de rescate e salvamento: coñecemento básico de cordas, nós, descensores, polea múltiple e outros elementos. Factor de caída.

TEMA 18.- Iniciación ás técnicas de primeiros auxilios: anatomía básica. Valoración primaria e secundaria. Soporte vital básico. Primeiros auxilios en caso de fallo cardiorrespiratorio (RCP), queimaduras, feridas, hemorraxias, fracturas, hipotermia, golpe de calor, atragoamentos, intoxicacións. Triaxe. Mobilización e inmovilización de accidentados.

TEMA 19.- Regulamento do corpo de bombeiros do Excmo. Concello de Lugo: Cometido do corpo de bombeiros/as, organización, deberes e atribucións dos bombeiros/as e bombeiros/as condutores/as.

TEMA 20.- Guía da cidade de Lugo: situación de edificios singulares, históricos e oficiais; situación de rúas, prazas, vías de comunicación, barrios, ríos do termo municipal; percorridos (camiño a seguir entre dous puntos).

TEMA 21.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

ANEXO II: PROBAS FÍSICAS

1ª. PROBA DE FONDO: 2.000 METROS LISOS.

Proba eliminatoria: as persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

Obxecto: medir a capacidade de traballo aeróbica das/os aspirantes.

Descrición: a proba consistirá en percorrer unha distancia de 2.000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda, nun tempo máximo de 8 minutos e 15 segundos para as mulleres e de 7 minutos e 30 segundos para os homes.

Procedemento do inicio da proba: orde de saída das/os aspirantes por apelido á hora de ocupar a súa rúa.

Medición: a cronometraxe farase con chip para maior fiabilidade e obxectividade. O cronómetro poñerase en marcha cando a persoa que ordena a saída baixe a man alzada, emita un asubío ou accione unha pistola de atletismo. O cronómetro deterase cando alcance a meta cada corredor.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos. Non se permite interferir uns corredores con outros. O calzado para utilizar debe ser deportivo, con solo de goma, estando permitido o uso de zapatillas de cravos.

Intentos: a proba efectuarase nun único intento.

Puntuación: será de acordo coa seguinte táboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 7´30"	Máis de 8´15"	ELIMINADO
Entre 7´30" e 7´15"	Entre 8´15" e 8´00"	5 PUNTOS
Menos de 7´15" e 7´00"	Menos de 8´00" e 7´45"	6 PUNTOS
Menos de 7´00" e 6´45"	Menos de 7´45" e 7´30"	7 PUNTOS
Menos de 6´45" e 6´30"	Menos de 7´30" e 7´15"	8 PUNTOS
Menos de 6´30" e 6´15"	Menos de 7´15" e 7´00"	9 PUNTOS
Menos de 6´15"	Menos de 7´00"	10 PUNTOS

2ª. PROBA COMBINADA NATACIÓN – SOCORRISMO

Proba eliminatoria: as persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

Obxecto: comprobar se a persoa aspirante se desenvolve nun medio acuático con autonomía suficiente, e é capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces tanto por superficie como subacuáticos, así como facendo una simulación de rescate mediante remolque.

Descrición: consistirá nunha proba combinada de natación e socorrismo de 100 metros nunha piscina de 25 metros de lonxitude, para realizar nun tempo máximo de 2 minutos e 45 segundos para as mulleres e de 2 minutos e 30 segundos para os homes.

Execución: as persoas aspirantes deberán facer a nado libre 50 metros (ida e volta do vaso). Unha vez chegados ao lugar do inicio, mergullaranse até o lugar onde se sitúe o boneco (na parte profunda do vaso e a 15 metros da parede de inicio). Unha vez recuperado o boneco arrastrarase até o final da parede oposta ao inicio, tocarase esta coa man e seguirase o remolque ata a parede contraria, a do inicio da proba, apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o boneco para que a proba se considere rematada.

Fases da proba:

- **SAÍDA:** saltarase dende fóra do vaso á auga. A entrada á auga será de pé sen afundir a cabeza.
- **NADO:** unha vez dentro da auga, realizarase a nado libre unha distancia de 50 metros.
- **MERGULLO:** dende a parede de inicio, as persoas aspirantes somerxeranse até chegar á vítima, que estará a 15 metros da parede de inicio.
- **ARRASTRE:** arrastrarase a vítima utilizando as técnicas correctas durante 35 metros.

Medición: o cronómetro poñerase en marcha cando a persoa que ordena a saída dea a voz de "xa", ou accione un chifre. O cronómetro deterase cando a persoa aspirante finalice a fase de arrastre apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o boneco. Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

Regras:

- A persoa aspirante manterase en todo momento pola rúa asignada e delimitada polas corticeiras
- A recollida do boneco poderase facer con impulso desde o fondo do vaso.
- Durante o remolque, a cara do boneco remolcado permanecerá en todo momento fóra da auga.

- Para o arrastre do boneco seguirase o regulamento da Federación Nacional de Socorrismo.

Invalidacións: será motivo de eliminación da persoa aspirante o cambio de rúa, o feito de axudarse coas corticeiras, saír á superficie durante a fase de mergullo ou efectuar dúas saídas falsas.

Intentos: dous intentos en caso de saída falsa. A persoa aspirante que faga dúas saídas falsas quedará eliminada.

Puntuación: será de acordo coa seguinte táboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 2´30"	Máis de 2´45"	ELIMINADO
Entre 2´30" e 2´20"	Entre 2´45" e 2´35"	5 PUNTOS
Menos de 2´20" e 2´10"	Menos de 2´35" e 2´25"	6 PUNTOS
Menos de 2´10" e 2´00"	Menos de 2´25" e 2´15"	7 PUNTOS
Menos de 2´00" e 1´50"	Menos de 2´15" e 2´05"	8 PUNTOS
Menos de 1´50" e 1´40"	Menos de 2´05" e 1´55"	9 PUNTOS
Menos de 1´40"	Menos de 1´55"	10 PUNTOS

3ª. PROBA CIRCUÍTO PSEUDO-TÁCTICO-TERRESTRE

Proba eliminatória: as persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

Obxecto: medir a resistencia mixta (aeróbica e anaeróbica), a forza, o equilibrio e a coordinación das persoas aspirantes.

Descrición: a proba consistirá en realizar un circuítio pseudo-táctico-terrestre de seis exercicios nun tempo máximo de 6 minutos e 10 segundos para as mulleres e de 5 minutos e 20 segundos para os homes.

O circuítio estará composto polos seguintes seis exercicios:

- Proba de press de banca.
- Ascenso por corda lisa (cinco metros).
- Superación dun parapeto (Muro).
- Proba de salvamento (arrastre de persoa).
- Barra de equilibrio.
- Carreira vertical pola torre de manobras ou edificio.

Secuencia de execución do circuítio pseudos-táctico-terrestre: o circuítio comezará coa proba de press de banca e continuará de acordo coa seguinte orde:

1. Press de banca

A persoa aspirante deberá realizar 40 repeticións utilizando unha barra e discos cun peso total do conxunto de 40 kg para homes e 30 kg para mulleres. Para iniciar a realización do exercicio, a/o aspirante situarase en posición de decúbito supino nun banco plano cos glúteos, as cadeiras e ombreiros sobre o banco. Os pés deben apoiarse e permanecer no chan durante o exercicio. As mans deberán tomar a barra de maneira que as palmas miren cara a adiante, é dicir, en pronación, e separadas lixeiramente máis aló da anchura dos ombreiros.

Unha repetición correctamente executada considerarase baixar a barra dende a posición inicial (brazos estendidos), até tocar o peito e subila novamente. A extensión dos brazos deberá ser completa, non serán contabilizadas as repeticións que non toquen o peito na posición baixa ou nas que non se realice a extensión completa na posición alta.

Á voz de "LISTO", a/o aspirante liberará a barra do soporte de fixación e manterá a barra da posición inicial. Á voz de "XA" comezará a execución do exercicio de press de banca e comezará a cronometrarse o tempo do circuítio pseudo-tactico-terrestre.

Durante a realización do exercicio, a/o aspirante non poderá volver colocar a barra nos soportes de fixación até completar as 40 repeticións. Será motivo de descualificación da proba.

Unha vez realizadas as 40 repeticións, a/o aspirante depositará a barra sobre os soportes, abandonará o banco de press *de banca* e percorrerá unha distancia aproximada de 5 metros ata a localización do seguinte elemento do circuíto.

2. Ascenso por corda lisa

A persoa aspirante realizará a subida por unha corda lisa de 5 metros, a pulso e sen axuda da presa de pés ou pernas, partindo dende a posición de sentado. A subida finalizará cando as dúas mans agarren a corda por encima dunha marca na corda que identifica os 5 metros de altura, ou faga soar unha campá.

A baixada pola corda será realizada polo método que o aspirante considere máis apropiado, sen perder contacto en ningún momento con ela.

3. Superación dun parapeto (muro)

Superado o exercicio do ascenso por corda, a persoa aspirante desprazarase dende a localización da corda ata un parapeto que simula un muro, percorrerá unha distancia aproximada de 10 metros e salvando o muro por encima deste. As dimensións aproximadas do muro serán de 228 cm de alto, 252 cm de longo e 6 cm de ancho.

4. Proba de salvamento (arrastre de persoa)

Unha vez salvado o muro, a persoa aspirante percorrerá unha distancia aproximada de 10 metros até a posición onde se atope un manequín que terá un peso aproximado de 70 kg e unha altura aproximada de 1,80 metros.

A/o aspirante deberá arrastrar o manequín 20 metros, en dous traxectos de 10 metros, un de ida até superar e bordear unha marca no chan e outro de volta até a posición de orixe indicada no chan mediante un contorno delimitado.

Secuencia de execución: o manequín atoparase no chan en posición de decúbito prono dentro dun contorno delimitado. A persoa aspirante collerá o manequín e elevarao situando as costas del na parte anterior do torso, abrazando o tronco por baixo das axilas, e deixando os brazos libres. O transporte deberao realizar suspendéndoo do chan ou só co apoio das pernas do manequín, e irá desprazándose de costas, segundo o sentido da marcha até exceder e bordear a marca disposta no chan, identificadora dos 10 metros. Os pés do manequín deberán pasar totalmente a marca dos 10 metros.

Unha vez superada a marca, o opositor bordearaa dando a volta e realizará o traxecto de volta do mesmo xeito ata o contorno delimitado onde colleu o manequín para colocalo dentro deste en posición de tendido supino e coa mesma orientación inicial, momento no que finalizará a realización da devandita proba de salvamento.

Invalidacións: non se considerará válido, e polo tanto, rematada a proba de salvamento, cando a persoa aspirante non arrastre o manequín da forma indicada no parágrafo anterior, non se superen as marcas indicadas, ou se deposite total ou parcialmente fóra do contorno delimitado ou en distinta posición á sinalada.

Do mesmo xeito, se a/o aspirante cae ou solta o manequín accidentalmente, deberá retomar o arrastre dende a posición de orixe indicada no chan mediante un contorno delimitado.

5. Barra de equilibrio

Unha vez finalizado o exercicio de arrastre, a persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición aproximada de 5 metros até a barra de equilibrio. Unha vez perante a barra de equilibrio, a persoa aspirante cargará coas súas mans un balón medicinal dun peso aproximado de 9 kg, que se encontrará no chan. A continuación, subirá a unha barra de equilibrio, cunhas medidas aproximadas de 5 metros de lonxitude, unha anchura de 11 cm e unha altura de 1,20 metros desde o chan.

A subida á barra farase a través dunha rampla colocada dende o chan ata un dos extremos da barra de equilibrio, ou outro elemento que permita o acceso a esta.

Unha vez subida á barra de equilibrio, a persoa aspirante desprazarase pola mesma até superar unha marca na barra situada a 50 cm do final desta. Unha vez superada a marca e sen virar na súa posición, realizará o percorrido de volta de costas até superar unha segunda marca, momento no que poderá soltar o balón medicinal para posteriormente descender ao nivel do chan, finalizando a realización da devandita proba de equilibrio.

Durante o exercicio, non estará permitido tocar a barra coas mans, nin apoiarse con algunha parte do corpo que non sexan os pés. Se isto ocorre, a persoa aspirante deberá repetir o exercicio dende o principio, accedendo novamente á barra de equilibrio a través do elemento de acceso a ela.

Do mesmo xeito, a caída dende a barra ao chan ou soltar o balón medicinal antes de superar as marcas implicará a repetición do exercicio desde o principio, sen que este feito supoña a súa descualificación.

6. Carreira vertical pola torre de manobras

Unha vez finalizada a proba de equilibrio, o aspirante percorrerá unha distancia aproximada de 100 metros, sinalada convenientemente até a entrada da torre de manobras.

Na entrada á torre de manobras, a/o aspirante colocárase un equipo autónomo, constituído por unha espaleira e unha botella cun peso aproximado do conxunto de 12 kg.

O equipo, que estará situado dentro dun contorno delimitado, deberá colocarse sobre as costas, axustando correctamente as atalaxes dos ombreiros e o cinto lumbar.

A persoa aspirante realizará o ascenso á torre ata o 7º piso, onde bordeará un cono antes de comezar o descenso.

A persoa aspirante, realizará o descenso até a entrada á torre, e depositará o equipo autónomo dentro do contorno delimitado a tal efecto, logo de deixar correctamente liberado o cinto lumbar e as atalaxes dos ombreiros.

Unha vez a persoa aspirante abandone a torre cruzando o limiar da porta, deterase o tempo da proba do circuíto pseudo- táctico-terrestre.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

Medición: o cronómetro poñeráse en marcha cando a persoa que ordena a saída dea a voz de “XA”, ou accione un chifre, no primeiro exercicio do circuíto (*Press de banca*). O cronómetro deterase cando a persoa aspirante abandone a torre cruzando o limiar da porta despois de terminar o último exercicio (carreira vertical pola torre de manobras).

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

Intentos: a proba realizarase nun só intento.

Puntuación: será de acordo coa seguinte táboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 5´20”	Máis de 6´10”	ELIMINADO
Entre 5´20” e 5´02”	Entre 6´10” e 5´49”	5 PUNTOS
Menos de 5´02” e 4´44”	Menos de 5´49” e 5´28”	6 PUNTOS
Menos de 4´44” e 4´26”	Menos de 5´28” e 5´07”	7 PUNTOS
Menos de 4´26” e 4´08”	Menos de 5´07” e 4´46”	8 PUNTOS
Menos de 4´08” e 3´50”	Menos de 4´46” e 4´25”	9 PUNTOS
Menos de 3´50”	Menos de 4´25”	10 PUNTOS

ANEXO III: PROBAS PRÁCTICAS

1ª. SUBIDA Á AUTOESCALEIRA

Obxecto: acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Descrición: a proba consistirá en subir e baixar unha autoescaleira de lonxitude aproximada de 30 metros cunha inclinación aproximada de 65º, nun tempo máximo puntuable de 2 minutos e 45 segundos para as mulleres e de 2 minutos e 20 segundos para os homes.

Execución: a persoa aspirante, debidamente asegurada, realizará a subida da autoescaleira de 30 metros, até o final desta, chegando, polo menos, cunha das mans ao sinal debidamente indicado no final do ascenso (que poderá ser visual ou acústico). Posteriormente, comezará o descenso até o punto de partida da proba. A posición de subida e de baixada será coa cara enfrontada aos chanzos, co agarre directamente sobre eles. Non se permitirá saltar chanzos nin na subida nin na baixada.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

Medición: será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando a/o aspirante remate o descenso.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

Intentos: a proba efectuarase nun único intento.

Invalidacións: a non realización da totalidade da proba será motivo de **eliminación no proceso selectivo**. A invalidación dalgún/algunha aspirante por non executar a proba de acordo ao establecido anteriormente, ou por superar o tempo máximo, implicará unha puntuación de 0 puntos na proba.

Puntuación: será de acordo coa seguinte táboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 2´20"	Máis de 2´45"	0 PUNTOS
Entre 2´20" e 2´13"	Entre 2´45" e 2´37"	1 PUNTOS
Menos de 2´13" e 2´05"	Menos de 2´37" e 2´28"	2 PUNTOS
Menos de 2´05" e 1´57"	Menos de 2´28" e 2´19"	3 PUNTOS
Menos de 1´57" e 1´49"	Menos de 2´19" e 2´10"	4 PUNTOS
Menos de 1´49" e 1´41"	Menos de 2´10" e 2´01"	5 PUNTOS
Menos de 1´41" e 1´33"	Menos de 2´01" e 1´52"	6 PUNTOS
Menos de 1´33" e 1´27"	Menos de 1´52" e 1´45"	7 PUNTOS
Menos de 1´27" e 1´21"	Menos de 1´45" e 1´38"	8 PUNTOS
Menos de 1´21" e 1´15"	Menos de 1´38" e 1´32"	9 PUNTOS
Menos de 1´15"	Menos de 1´32"	10 PUNTOS

2ª. RECOÑECEMENTO DE MATERIAL

Obxecto: acreditar o coñecemento das persoas aspirantes en relación cos materiais, ferramentas, equipos e maquinaria máis empregados polos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento no desempeño das súas obrigas.

Descrición: a persoa aspirante deberá mostrar os seus coñecementos en relación con cinco obxectos nun tempo máximo de 25 minutos. Os cinco obxectos serán elixidos polo tribunal o mesmo día da proba e serán os mesmos para todas as/os aspirantes.

Execución: as/os aspirantes, que entrarán en quendas determinadas polo tribunal o mesmo día da proba, terán diante de si un total de 5 obxectos. Unha vez comezada a proba, deberán contestar por escrito un total de 20 preguntas de resposta curta (4 preguntas por cada obxecto), as cales terán relación coa identificación do obxecto, a identificación dos seus compoñentes ou partes principais, o modo de instalación ou funcionamento básico deste e o uso ou usos para os que foi destinado.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

Medición: será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando transcorran 25 minutos.

Intentos: a proba efectuarase nun único intento, durante o cal, as/os aspirantes poderán modificar, complementar ou anular as súas respostas, dentro do tempo máximo establecido.

Puntuación: cada un dos cinco obxectos valorarase de acordo coa seguinte táboa, ata un máximo de 2 puntos, de forma que quen conteste correctamente as catro preguntas de cada un dos cinco obxectos, obterá a puntuación máxima de 10 puntos.

OBXECTIVO	PUNTUACIÓN
Identificación do obxecto	0.2 PUNTOS
Partes ou compoñentes principais	0.6 PUNTOS
Instalación ou funcionamento básico	0.6 PUNTOS
Uso ou usos para os que está destinado	0.6 PUNTOS

3ª. PROBA DE ORIENTACIÓN E ADAPTACIÓN A ESPAZOS CONFINADOS E SEN VISIBILIDADE

Obxecto: acreditar a capacidade de orientación e a tolerancia das/os aspirantes aos traballos en espazos confinados e sen visibilidade.

Descrición: consistirá en percorrer un circuíto sen visibilidade, o cal poderá ser de distintos niveis, dentro dun tempo máximo (Tmáx) que será determinado polo tribunal antes do comezo da proba.

O circuíto estará delimitado por comportas metálicas dentro dunha instalación, ben mediante unha gaiola específica ou mediante outros útiles de confinamento, e terá un só punto de entrada, diferenciado dun só punto de saída.

As persoas aspirantes irán provistas de roupa e calzado deportivo, recomendando o uso de xeonlleiras e cobadeiras.

Previo á realización da proba, o tribunal permitiralles ás/aos aspirantes o acceso visual á instalación. Unha vez rematada a inspección ocular por parte dos aspirantes, o tribunal, a porta pechada, delimitará o percorrido do circuíto para realizar que será igual para todas as persoas aspirantes, así como o tempo máximo para a súa execución (Tmáx).

Execución: as/os aspirantes, partindo dende o punto delimitado de saída, e provistas/os de casco e máscara, deberán percorrer un circuíto en condicións de escuridade, ben cegando a máscara, inundando o espazo de fume artificial ou calquera outro xeito que impida á/ao aspirante ver o circuíto por percorrer. A proba rematará cando a/o aspirante chegue ao final do circuíto.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

Medición: será manual con cronómetro, que se poñerá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando a/o aspirante chegue ao final do circuíto.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

Intentos: a proba efectuarase nun único intento.

Invalidacións: o feito de quitar a máscara ou valerse de calquera medio que permita ao aspirante ver o circuíto para percorrer supoñerá unha puntuación de 0 puntos na proba.

Puntuación: esta proba será valorada polo tribunal de cero a dez puntos, de acordo cos tempos realizados polos aspirantes.

Unha vez rexistrados todos os tempos, o tribunal obterá o rango (R) entre notas. O rango obterase logo de dividir entre dez, a diferenza en segundos existente entre o menor tempo rexistrado na proba e o tempo máximo (Tmáx), redondeando á unidade.

Unha vez obtido o rango (R), fixarase a táboa de puntuacións e as correspondentes notas obtidas polas persoas aspirantes.

As/Os aspirantes que superen o tempo máximo (Tmáx) obterán unha puntuación de cero puntos na proba.

4ª. TENDIDO DE MANGUEIRAS

Obxecto: acreditar a soltura e coñecemento do manexo do material básico de extinción de incendios.

Descrición: a proba consistirá en realizar una instalación hidráulica completa (tendido de manguerías) dende a súa conexión coa bomba do vehículo, até o momento de solicitar auga dende a lanza, nun tempo máximo puntuable de 1 minuto e 35 segundos para as mulleres e de 1 minuto e 22 segundos para os homes. Para levar a cabo a dita proba, empregarase o seguinte material, situado no chan ao pé do vehículo autobomba:

- Unha manguera de 70 mm de diámetro.
- Unha bifurcación de 70//45/45.

- Dúas mangueras de 45 mm de diámetro, enroladas en simple.
- Dúas lanzas de 45.

Execución: as/os aspirantes, partindo dende o punto delimitado de saída, deberán realizar un tendido de mangueras dende a bomba do camiión, consistente nunha liña de 70, bifurcación 70//45/45, dúas liñas de 45 e as súas respectivas lanzas. A instalación deberá facerse de xeito que a/o aspirante de paso de auga a unha das liñas do tendido dende a bifurcación. Finalmente, a/o aspirante deberá situarse nunha marca situada no chan dende a cal pedirá auga á persoa que estea operando a bomba.

Medición: será manual con cronómetro, que se poñerá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando a/o aspirante solicite “AUGA” dende a lanza adecuada (aquela conectada á liña que tivera aberto o paso de auga dende a bifurcación).

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

Nota aclaratoria: a persoa aspirante deberá deixar aberta a válvula da bifurcación que de paso a lanza dende a que pedirá auga. A outra válvula deberá quedar pechada.

Intentos: a proba efectuarase nun único intento.

Puntuación: será de acordo coa seguinte táboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 1´22”	Máis de 1´35”	0 PUNTOS
Entre 1´22” e 1´17”	Entre 1´35” e 1´30”	1 PUNTOS
Menos de 1´17” e 1´11”	Menos de 1´30” e 1´24”	2 PUNTOS
Menos de 1´11” e 1´08”	Menos de 1´24” e 1´21”	3 PUNTOS
Menos de 1´08” e 1´05”	Menos de 1´21” e 1´18”	4 PUNTOS
Menos de 1´05” e 1´02”	Menos de 1´18” e 1´15”	5 PUNTOS
Menos de 1´02” e 0´59”	Menos de 1´15” e 1´12”	6 PUNTOS
Menos de 0´59” e 0´56”	Menos de 1´12” e 1´09”	7 PUNTOS
Menos de 0´56” e 0´53”	Menos de 1´09” e 1´06”	8 PUNTOS
Menos de 0´53” e 0´50”	Menos de 1´06” e 1´03”	9 PUNTOS
Menos de 0´50”	Menos de 1´03”	10 PUNTOS

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

5ª. NÓS

a) Obxecto: acreditar a soltura e coñecemento na realización de nós con cordas.

b) Descrición: a proba consistirá na realización de algúns dos seguintes nós, segundo a UIAA (Unión Internacional de Asociacións de Alpinismo): chairo, ballestrinque, nó de fita, presilla de laberca, dinámico, oito dobre, oito dobre seo (dobre gaza), oito en liña ou sete, nove dobre, pescador dobre e bolboreta.

Antes de comezar a proba, o tribunal elixirá oito dos once nós mencionados anteriormente, e determinará tanto o modo de aplicación dos nós, e poderá solicitar a súa aplicación nun soporte (barra, mosquetón, argola etc.) ou ben na man, como o modo de execución (por seo ou por chicote).

Por seo: denomínase cando o nó empeza e acaba coas dúas puntas xuntas.

Por chicote: cando se realiza o nó primeiro nunha das puntas e se termina seguindo a outra punta en todo o seu percorrido.

c) Execución: as persoas aspirantes, partindo dende a súa posición, deberán realizar un total de oito nós con cordas nun tempo máximo de 10 minutos. Os cales deberán quedar ben executados e peiteados.

EXECUCIÓN	PUNTUACIÓN
Nó ben executado e peiteado	1,25 PUNTOS
Nó ben executado pero mal rematado e/ou peiteado	0,6 PUNTOS
Nó mal executado ou non realizado	0 PUNTOS

A persoa aspirante que executara e peiteara correctamente os oito nós obtería unha puntuación máxima de 10 puntos.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre opositoras/es, a proba non poderá ser observada por aquelas/es aspirantes que non executaran xa a proba.

6ª. SUPOSTO TEÓRICO – PRÁCTICO

Obxecto: acreditar os coñecementos das/os aspirantes en relación coas tipoloxías de intervención máis comúns nos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento no desempeño das súas obrigas.

Descrición: consistirá na resolución por escrito dun suposto teórico-práctico determinado polo tribunal, no tempo máximo de dúas horas, en relación coas actividades propias do posto de bombeiro/a condutor/a. O suposto poderá conter preguntas curtas, de tipo test, ou de calquera outro tipo relacionadas cos temas específicos esixidos nestas bases.

Puntuación: a puntuación desta proba será valorada polo tribunal de cero a dez puntos.

ANEXO IV: CAUSAS DE EXCLUSIÓN MÉDICA

Non alcanzar na espirometría capacidade vital e volume espiratorio máximo por segundo superior ao 80%.

Obesidade manifesta. Infantilismo marcado.

Cicatrices que, pola súa extensión ou adherencia aos órganos profundos ou ao esqueleto, comprometan o funcionamento de tales órganos e o movemento dos membros.

Falta ou perda dun ou de ambos os dous labios.

Falta ou perda total da mandíbula inferior ou parcial das mandíbulas que determinen trastornos funcionais graves.

Falta ou perda parcial ou total da lingua. Enfermidades dos aparatos respiratorio e circulatorio.

Deformación do tórax que modifique ou dificulte a respiración ou circulación ou entorpeza os movementos do tronco.

Varices de intensidade que se marquen claramente en bipedestación. Lesións valvulares.

Hipertensión ou hipotensión marcadas. Patoloxía cardíaca grave.

Enfermidades do aparello locomotor.

Amputación de calquera dedo ou parte deste en ambas as dúas mans. Falta do dedo gordo do pé.

Pés planos marcados ou con arco plantar pouco marcado.

Atrofias e anquilose dun membro que sexan incompatibles cos esforzos e servizos do corpo.

Escoliose, cifose ou lordose que produza asimetría na bipedestación.

Genu vacuum e genu valgum.

Lesións en mans e dedos que produzan limitacións de flexión ou extensión.

Visión: a agudeza visual afastada medida sen corrección debe ser superior ou igual a 0.5 no ollo mellor e a 0.3 no ollo peor (agudeza visual medida mediante o test de Snellen).

Audición e equilibrio: son causas de nulidade a xordeira, en calquera grao, e padecer vertixe.

Sistema nervioso: epilepsia, depresión, xaquecas, tremor, de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías ou outros.

Procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro/a condutor/a.”

7º.- LISTA DE RESERVAS:

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista para a cobertura de interinidades, no caso de ser preciso, conformada por:

- En primeiro lugar, as/os aspirantes que superaran a totalidade do proceso selectivo, que quedaran fóra das prazas ofertadas. Neste caso manterase a orde e as puntuacións finais do **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

- A continuación as/os aspirantes que non superaran o CUARTO exercicio (probos prácticas), tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que ter aprobados, como mínimo, os exercicios PRIMEIRO (proba de galego), SEGUNDO (proba de coñecemento teórico) e TERCEIRO (probos físicas) da fase de oposición do proceso selectivo. A súa orde virá determinada pola media das puntuacións acadadas nos 3 exercicios puntuables da fase **OPOSICIÓN**. En caso de empate, este resolverase conforme ao indicado no apartado “Puntuación final da fase de oposición”.

As persoas aspirantes que foran chamadas para a cobertura de interinidades deberán superar posteriormente os exercicios psicotécnico e recoñecemento médico establecidos nestas bases.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior á mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada. Só no caso de esgotarse esta lista para a cobertura de interinidades se poderá facer uso de anteriores listas de procesos selectivos por orde temporal de proximidade.

8º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 3 de xuño de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1627

*Anuncio***DECRETO**

Excm. Sra. dona MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o Acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

Visto o Acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025.

Visto o Acordo 3/214 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de maio de 2026 de aprobación de BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 4 PRAZAS DE POLICÍA

LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE MOBILIDADE (OPE 2025).

Tendo en conta o anteriormente exposto, no uso das atribucións que confire o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e visto o Decreto nº 4003/2026 do 12/05/2026, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso de provisión por mobilidade de 4 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OPE 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 3/214 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 29 de maio de 2026, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas do proceso de provisión por mobilidade de 4 prazas de policía local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (OPE 2025) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE DE 4 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OPE 2025).

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de provisión por mobilidade de 4 prazas de policía local do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

Así mesmo, o citado proceso rexeráse polo establecido nas bases mencionadas e no disposto en:

- Constitución española (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1978).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, do 4 de maio de 2015).
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG núm. 85, do 3 de maio de 2007).
- Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2023).
- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOG núm. 222, do 22 de novembro de 2017).
- Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade dos corpos de policía locais para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais (DOG núm. 22, do 2 de febreiro de 2009).

As prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acumularanse ao proceso de acceso por oposición libre, unha vez notificada á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante Agasp) e serán publicadas a través de resolución da persoa titular da Agasp e comunicadas ao tribunal nomeado para o efecto no proceso de oposición libre, para a realización da listaxe final de persoas aprobadas e con praza no proceso.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: policía local
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial, escala básica
 - Subescala: servizos especiais policía local

3º.- **SISTEMA DE PROVISIÓN DE POSTOS.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema de provisión de postos será o de concurso.

4º.- **PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.-** A convocatoria do proceso de provisión por mobilidade será publicada xunto con estas bases no Boletín Oficial da Provincia e un extracto no DOG e no BOE.

Os demais actos, anuncios ou acordos que se diten en desenvolvemento deste proceso publicitaranse a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e na web do Concello de Lugo.

5º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE

- a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía.
- b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía.
- c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
- d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- e) Estar en posesión da titulación académica exixida para a categoría ou en condicións de obtela: título de bacharel ou técnico ou FP de 2º grao ou equivalente.
- f) No suposto regulado no artigo 40 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, en relación coa participación simultánea en varios procesos de mobilidade, establécese como obriga a comunicación desta situación á Agasp e ao/aos concello/s interesado/s.
- g) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto polo sistema de mobilidade debe permanecer nel un mínimo de tres anos antes de poder participar noutros concursos de mobilidade.

Os requisitos enumerados neste artigo deberán acreditarse na data da presentación da solicitude dentro do prazo fixado nesta convocatoria, e deberanse manter ata que remate o proceso de provisión por mobilidade.

6º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso de provisión por mobilidade haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes. As solicitudes de participación no proceso de provisión por mobilidade vincularán as persoas solicitantes unha vez finalizado o prazo de presentación destas. Poderase renunciar a participar neste proceso en calquera momento e, como máximo, ata a publicación da lista que conteña a baremación definitiva realizada polo tribunal.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cuberta e asinada
- b) DNI ou pasaporte.
- c) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 15,15 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Estarán exentas, así mesmo, as vítimas do terrorismo, tal e como se describe no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a oportuna documentación:

- Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o devandito carácter.

- Resolución administrativa pola que se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia.
- d) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo I.
- e) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberase presentar na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos do anexo.
- f) Certificado acreditativo en que conste que se cumpren os requisitos recollidos nesta convocatoria de:
 - Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía.
 - Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía, dende a data de nomeamento como funcionario/a de carreira.
 - Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
 - Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

- g) Título de bacharel ou técnico ou FP de 2º grao ou equivalente.
- h) Certificado de delitos de natureza sexual.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

7º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inemendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

8º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE

8.1) CONCURSO

Consistirá na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes, de conformidade co baremo de méritos que se recolle no anexo I desta convocatoria

8.2) Criterios de baremación

- a) Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que aquelas presentasen ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos en período de alegacións.
- b) Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.
- c) Normas que hai que ter en conta na aplicación dos baremos:

No apartado 1, titulacións académicas oficiais, non se valorará:

- A titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, agás que se posúa máis dunha.
- As titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

- As titulacións que non estean recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Deberase achegar a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, de ser o caso, o BOE en que se publicou.
- Só se valorarán as titulacións e diplomas oficiais, considerándose como tales os así recoñecidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

No punto 3. Formación profesional e docencia:

- Valoraranse segundo os puntos especificados no anexo I, distinguindo entre actividades formativas de asistencia (AS) e actividades formativas con exame de aproveitamento (AP):
- Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Agasp, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas.
- Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Agasp, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua.
- Valorarase na epígrafe de docencia, cos puntos detallados no anexo I, a participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas:
- Directamente pola Agasp, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas dirixidos, en particular, aos corpos da Policía Local ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade.
- Nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, cando se trate de actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos, en particular, aos corpos da Policía Local ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade.
- Non se terán en conta para os efectos de valoración:
- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
- Os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso.
- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións do punto 1 do anexo I, nin a superación de materias deles.
- No punto 4, distincións e recompensas:
- Terase en conta a normativa ao respecto na materia, en particular o estipulado no capítulo III do título VIII do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- No punto 5, idiomas:
- Valoraranse os coñecementos de idiomas, distintos do castelán e do galego, acreditados por certificado oficial de idiomas estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas, de acordo co establecido no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro (BOE núm. 311, do 23 de decembro de 2017).
- Así mesmo, valoraranse outras titulacións de idiomas estranxeiros, segundo o indicado no Marco común europeo de referencia para as linguas.

Descríbense no anexo I os certificados válidos dos idiomas inglés, francés e portugués.

Para o resto de idiomas, as titulacións acreditadas con certificados non nacionais que presenten as persoas opositoras serán valoradas polo tribunal, seguindo as especificacións xerais en relación coa puntuación.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten por cada idioma: máximo 2 puntos por cada idioma.

- No punto 6, lingua galega:

- Só se terá en conta o título de maior nivel dos que se acrediten, máximo 2 puntos, partindo do título superior exixido para o acceso á categoría de policía.

8.3) BAREMACIÓN PROVISIONAL

Contra a baremación provisional, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

8.4) BAREMACIÓN DEFINITIVA

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación, e procederase á publicación definitiva.

Cando das reclamacións efectuadas ou de detectalo de oficio o tribunal algún erro na puntuación doutra persoa aspirante diferente á reclamante, notificaráselle tal circunstancia á persoa interesada, e outorgaráselle un prazo de cinco días hábiles para que, se o desexa, efectúe alegacións ao respecto, con carácter previo á publicación da baremación definitiva.

8.5) ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A orde de prelación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación das prazas convocadas efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. O número de persoas propostas non poderá ser superior ao de prazas convocadas no proceso.

8.6) CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso de empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata que se produza o desempate:

a) Preferencia pola muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.

c) Puntuación máis alta referida aos méritos no punto 3 de formación profesional e docencia.

d) Posesión de titulación académica de maior nivel.

e) Sorteio. No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

9º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso de provisión por mobilidade estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais:

Tres funcionarios do grupo C1 ou superior e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local número 10/628, do 9 de outubro de 2019, modificada polo Acordo 1/140 da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de abril de 2025.

O tribunal velará polo cumprimento do acceso ao emprego público de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, garantindo a transparencia, obxectividade, igualdade de oportunidades, de trato e non discriminación. Ademais, correspóndenlle ao tribunal as seguintes funcións específicas:

- A baremación dos méritos e o envío para a súa publicación, tanto provisional como definitiva, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso e resolución de incidencias.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases e no resto da normativa de aplicación directa ao seu funcionamento.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista para as valoracións que considere pertinentes, quen se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

En ningún caso poderá o tribunal poder propoñer a adxudicación de prazas nin declarar que superou o proceso un número de aspirantes superior ao de postos convocados. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

10º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NA PROVISIÓN POR MOBILIDADE

O tribunal emitirá a proposta de adxudicación de praza segundo o resultado do concurso de méritos, en número non superior ao de prazas convocadas, xunto con igual número de reservas.

As persoas funcionarias seleccionadas para unha praza no proceso de mobilidade cesarán no prazo dos cinco días seguintes ao da publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento. O tempo transcorrido entre a data do cesamento e a da toma de posesión computarase como de servizo activo no concello de destino.

En todo caso, os prazos para a data do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que tivese concedidos a persoa interesada.

Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciarase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e posparto, nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas funcionarias poderán cesar no posto que ocupan con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuarán o desfrute do permiso ata a súa finalización.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.

ANEXO I

Táboa de méritos fase de concurso do proceso de acceso por mobilidade

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	
1. Titulacións académicas oficiais	Título de doutoramento ou titulacións equivalentes correspondentes a o nivel 4 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES)	3,00	
	Título universitario de máster ou titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) (licenciatura universitaria, arquitectura, enxeñería)	2,00	
	Título universitario de grao ou titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 2 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) (diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica)	1,50	
2. Antigüidade como persoal funcionario de carreira	Cada ano de servizo ou fracción superior a seis (6) meses nos corpos de policía local.	0,20	
	Cada ano de servizo ou fracción superior a seis (6) meses noutro corpo de seguridade.	0,10	
	Cada ano de servizo ou fracción superior a seis (6) meses noutro corpo de calquera Administración pública.	0,05	
3. Formación profesional e docencia	Como alumnado da Agasp ou en actividades conveniadas:	AS	AP
	Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,015	0,025

	Cada hora en actividades de formación en liña.	0,010	0,020
	Como alumnado noutras actividades alleas á Agasp:		
	Cursos ou actividades ata 20 horas.	0,20	0,30
	Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas.	0,35	0,50
	Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas.	0,45	0,65
	Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas.	0,50	0,75
	Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas.	0,75	1,00
	Cursos ou actividades de máis de 200 horas.	1,00	1,30
	Como profesorado da Agasp ou en actividades conveniadas:		
	Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,020	
	Cada hora en actividades de formación en liña.	0,015	
	Como profesorado noutras actividades alleas á Agasp:		
	Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,015	
	Cada hora en actividades de formación en liña.	0,010	
4. Distincións e recompensas oficiais	Placa individual ao mérito da Policía Local.	2,00	
	Placa colectiva ao mérito da Policía Local.	1,50	
	Medalla ao mérito da Policía Local.	1,00	
	Medalla ou cruz a o mérito policial doutros corpos.	0,75	
	Distincións do órgano Colexiado competente do concello.	0,25	
5. Idiomas	INGLÉS: nivel B2		
	Certificado do nivel B2 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)		
	Person Test of English (PTE) Academic (59-75)		
	Person Test of English (PTE) Xeral (Level 3)		
	ISEII de Trinity College		
	First Certificate in English (FCE) de Cambridge		
	IELTS (5.5/6.0/6.5) de Cambridge		
	BEC Business English Certificate-Cambridge (Vantage Good&Exceptional) de Cambridge		
	IELTS (5.5/6.0/6.5) de British Council		
	(* Aptis Xeral B2 de British Council (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.		
	(* Aptis For Teachers B2 de British Council (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.		
	(* TOEIC1 (Listening and Reading 785-944) Speaking 160-179, Writing 150-179) de Educational Testing Service (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.		
	(* Oxford Test of English (OTE) 111-140 de Oxford (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.		
	(* ESOL de Language Certificate (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.		
	1,00		

ECCE de Universidade de Michigan	
INGLÉS: nivel C1	
Certificado do nivel C1 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)	
Person Test of English (PTE) Academia (76-84)	
Person Test of English (PTE) Xeral (Level 4)	
ISEIII deTrinity College	
Certificate in Advanced English (CAE) de Cambridge	
IELTS(7.0/8.0) de Cambridge	2,00
BEC Business English Certificate-Cambridge (Higher Good&Exceptional) de Cambridge	
IELTS(7.0/8.0) de British Council	
Aptis Advance C1 de British Council	
(*)TOEIC C1 (Listening and Reading 945-990) Speaking 180-200, Writing 180-200) de Education al Testing Service (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.	
(*) ESOL de Language Certificate (* Require superación de todas as destrezas no período dun ano.	
FRANCÉS: nivel B2	
Certificado do nivel B2 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)	
DELF B2 (Diplôme d'Études en Langue Française) do Ministerio de Educación Francés	
TCFNIVEAU4(B2)400-499pts do Ministerio de Educación Francés	1,00
DFA1 (Diplôme de Français de Casos1) de Chambre de Commerce et d'Industries de Paris	
DFPB2 (Diplôme de Français professionnel Secrétariat, Juridique, Médical), de Chambre de Commerce et d'Industries de Paris	
Diplôme de Langue Française (DL) (AF) de Alliance-Francaise	
FRANCÉS: nivel C1	
Certificado do nivel C1 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)	
DALFC1 (Diplôme Approfondi de Langue Française), do Ministerio de Educación Francés	
TCFNIVEAU5 (C1) 500-599pts, do Ministerio de Educación Francés	2,00
DFA2 (Diplôme de Français de Casos2), de Chambre de Commerce et d'Industries de Paris	
DFPCasosC1(Diplôme de Français professionnel dans le monde de Casos), de Chambre de Commerce et d' Industries de Paris	
Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) (AF) de Alliance-Francaise	
PORTUGUÉS: nivel B2	
Certificado do nivel B2 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)	
Diploma intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE) do Instituto Camões	1,00
Certificat de Compétences en Langues de l'Enseignement Supérieur (CLES) CLES 2	
The European Language Certificates (TELC) TELCB2	

	PORTUGUÉS: nivel C1	2,00
	Certificado do nivel C1 ou certificados anteriores equivalentes da Escola Oficial de Idiomas (EOI)	
	Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE) do Instituto Camões	
	Certificat de Compétences en Langues de l'Enseignement Supérieur (CLES) CLES 3	
	The European Language Certificates (TELC) TELCC1	
LINGUA GALEGA	Curso de linguaxe administrativa nivel medio	1,50
	Curso de linguaxe administrativa nivel superior	2,00

ANEXO II

 Concello de Lugo	MODELO XX
SOLICITUDE: ACCESO A/ÁS PRAZA/S POR CONCURSO DE MOBILIDADE DA POLICÍA LOCAL	

D.^a/D. _____,
 con DOCUMENTO DE IDENTIDADE número _____, con domicilio para notificación en _____ código postal _____, teléfono/s número/s _____, ante vostede comparece e expón:

Que, coñecida a convocatoria por concurso de mobilidade da Policía Local de Lugo, segundo o anuncio publicado por esa Alcaldía no Boletín Oficial do Estado número _____, correspondente ao día ____ de _____ de _____, e desexando tomar parte nesta convocatoria, fai constar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas que a rexen, acompañando a esta solicitude os documentos esixidos nas citadas bases.

Polo exposto, SOLICÍTALLE a vostede ser admitido/a á convocatoria pública para a provisión, mediante concurso, da/s praza/s indicadas, así como ao proceso selectivo correspondente, de acordo coa convocatoria anteriormente citada.

Lugo, ____ de _____ de ____

A PERSOA SOLICITANTE

NOTA.- Deberá achegar xustificante de pagamento do Modelo 119 de autoliquidación en concepto de taxa por dereitos de exame, que se pode facer efectiva en calquera oficina de Abanca, CaixaBank, BBVA ou Banco Sabadell."

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 3 de xuño de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1628

MONDOÑEDO

Anuncio

O 11 de xuño de 2026, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2026-0179, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

Vista a publicación no Diario Oficial de Galicia da Orde do 16 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2026).

Logo de ver a solicitude dunha subvención realizada por este Concello, en data 4 de marzo de 2026, ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026.

Vista a notificación da Resolución de Concesión de Subvención, da Directora Xeral de Administración Local, do 26 de maio de 2026, na que se contempla, con base na memoria de solicitude de subvención, unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais na que se pretende a contratación de 5 peóns forestais, a tempo completo, durante un máximo de 3 meses, e un condutor de tractor por período máximo de 3 meses.

Visto que segundo as bases de convocatoria da subvención ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificada o 31 de outubro de 2026, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial da subvención que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo da citada subvención.

Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións con fin de por en marcha, a devandita brigada, de modo e maneira que se permita a posibilidade de levar a cabo por parte dos peóns forestais, labores de roza, mantemento e limpeza de paseos, áreas recreativas, rutas de sendeirismo e recuperación de zonas degradadas, incluíndo limpezas de canles de ríos, ao longo das 14 parroquias coas que conta o Concello, ao tempo que se realiza unha labor especial de conservación e posta en valor de parte dos terreos municipais incluídos no LIC Serra do Xistral (Rede Natura 2000), así como realizar labores de prevención de incendios, protección e mantemento de espazos naturais, por parte do condutor do tractor ao que se lle acoplará unha rozadora.

Vista a memoria do Alcalde que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar un proceso selectivo, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a contratación de 5 empregos a tempo completo de peón forestal, e 1 condutor de tractor, para unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia precisa de forma puntual para prestar aprobación para a realización dunha convocatoria para selección e posterior contratación de 5 peóns forestais a xornada completa e 1 condutor de tractor a xornada completa, para a Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, por un período máximo de tres meses, no caso dos peóns e tamén no caso do condutor. **Visto que segundo a orde de convocatoria desta subvención ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificada na data límite do 31 de outubro de 2026, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.**

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

TERCEIRO.- Realizar a convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, na data de sinatura. O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide. Ante min, a Secretaria-Interventora, Ruth López-Mosquera García.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO AO ABEIRO DA ORDE DO 16 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE REGULAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2026

PRIMEIRA.— OBXECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo ao abeiro da notificación da Resolución de Concesión dunha Subvención, da Directora Xeral de Administración Local da *Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes*, do 26 de maio de 2026, en réxime de concorrencia non competitiva a concellos, do Fondo de Compensación Ambiental, rexistro de entrada no concello o 27 de maio de 2026, núm. 2026-E-RC-1591, de unha brigada de protección e mantemento de espazos naturais, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2026, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2026), composta por:

- CINCO PEÓNS FORESTAIS a xornada completa, por un período máximo de 3 meses
- UN CONDUTOR DE TRACTOR, por un período máximo de 3 meses

do Concello de Mondoñedo mediante o sistema de CONCURSO – OPOSICIÓN.

Visto que segundo o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificando na data límite do 31 de outubro de 2026, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.

O ámbito de actuación da brigada de protección e mantemento de espazos naturais será o municipal, realizando tarefas de desbroce, mantemento, limpeza e prevención naqueles sendeiros, pistas de terra, áreas recreativas e rutas de sendeirismo que se localicen ou transcorran por zonas con valores ambientais para a súa utilización recreativa ou didáctica así como a protección e mantemento de espazos naturais, priorizando as rutas de sendeirismo que discorren por zonas con valores ambientais notables.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

5 peóns a xornada completa	1.494,50 €/mes/peón
1 condutor de tractor a xornada completa	1.494,50 €/mes

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e/ou á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o disposto no Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP), aprobado polo Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do EBEP.

Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do 23 de xaneiro de 2026, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión das seguintes titulacións , ou en disposición de obtelas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias:
 - **PEÓN FORESTAL: Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado e Celga 2 ou equivalente homologado.**
 - **CONDUTOR DE TRACTOR: Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado, así como permiso de conducción B e Celga 2 ou equivalente homologado.**
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

CUARTA.— SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Fotocopia compulsada do permiso de condución B, no caso do condutor de tractor.
- Fotocopia compulsada do CELGA 2.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

QUINTA.— ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación, de ser o caso, do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizarán as probas da fase de oposición e a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://mondonado.sedelectronica.gal>).

2.- Durante os dous (2) días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.— SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**. A puntuación máxima para o concurso-oposición será de 20 puntos.

En ambos procesos, primeiro realizarase a fase de oposición e posteriormente a fase de concurso.

1.- PEÓN FORESTAL

A) FASE DE CONCURSO: que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos):

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

2.- FORMACIÓN:

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, SEPE, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

*A puntuación máxima para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.*

3.- POR DISPOR DO PERMISO DE CONDUCIR B:

1 punto por o feito de posuír o permiso de condución B.

*A puntuación máxima para o apartado de **dispor do permiso de condución B** é de **1,00 punto**.*

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

A) **FASE DE OPOSICIÓN:** Consistirá na realización das seguintes probas: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón forestal do Concello de Mondoñedo. Nesta proba práctica poderanse incluír preguntas teórico-prácticas, relacionadas co posto de traballo.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

O/a candidato/a acudirá a proba provisto de DNI ou documento equivalente, e roupa de traballo.

2.- CONDUTOR DE TRACTOR

A) **FASE DE CONCURSO:** que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos):

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.

b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de experiencia profesional é 3,5 puntos.

2.- FORMACIÓN:

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, SEPE, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.

- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.

- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.

- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.

- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.

- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal,

non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A puntuación máxima para o apartado de formación é de 3,5 puntos.

3.- POR DISPOR DOS PERMISOS DE CONDUCIR TIPO C ou C1:

- 0,50 ptos por posuír o C1

- 1 pto por posuír o C

A puntuación máxima para o apartado de outros permisos de conducir é de 1 punto.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

B) FASE DE OPOSICIÓN: Consistirá na realización das seguintes probas: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de condutor de tractor do Concello de Mondoñedo. Nesta proba práctica poderanse incluír preguntas teórico-prácticas, relacionadas co posto de traballo.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

O/a candidato/a acudirá á proba provisto de DNI ou documento equivalente, e roupa de traballo.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio, para ambos postos, a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate, para o posto de peón forestal, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase a favor do candidato que teña permiso de conducir B. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

En caso de empate, para o posto de condutor de tractor, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase a favor do candidato que teña permiso de conducir C e/ou C1, nesa orde respectivamente. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinala ou renunciaren ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.— ACHEGA DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.
- c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- g) Acreditación da conta bancaria titularidade do candidato/a.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMA.— FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas con maior puntuación, propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto ou acordo, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.— NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA.— PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1.- Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a solicitude de participación no proceso, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento deste, serán tratados polo Concello de Mondoñedo na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a tramitación e xestión do procedemento de selección e as actuacións que se deriven deste.

2.- A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial

(artigo 9.2.g) do RXPDP). Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución.

3.- As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través do rexistro municipal na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e/ou a través do correo electrónico concellomondonedo@gmail.com.

4.- Información adicional

a) Prazo de conservación:

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co regulado no artigo 26 da LOPDGDD será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

b) Inexistencia de decisións automatizadas:

Neste tratamento non se tomarán decisións automatizadas.

c) Dereitos en relación cos datos facilitados

- As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento.
- Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos.
- Os interesados teñen dereito á limitación do tratamento, para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude.
- Os interesados poderán exercer o dereito de supresión (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPDGDD.
- afectado pode exercer o dereito de oposición ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.
- interesado terá dereito á portabilidade a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través do rexistro municipal na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e/ou a través do correo electrónico concellomondonedo@gmail.com.

d) Reclamación ante a autoridade de control

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
 con DNI, nado/-a (data nacemento),
 veciño/-a de, con enderezo en
, Concello
 Código Postal, teléfono
 e enderezo electrónico

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de da Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución da Alcaldía do 11 de xuño de 2026.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Orde de preferencia no caso de ser seleccionado/a para varios empregos:

- 1º.-
- 2º.-

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Concello de Mondoñedo
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd)
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a través do rexistro municipal na sede electrónica (https://mondonede.sedelectronica.gal) e/ou a través do correo electrónico concellomondonedo@gmail.com .
Información adicional	Pode consultar máis información na cláusula décimo quinta das bases de convocatoria

Mondoñedo, de de 2026

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 11 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1593

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0061, foi aprobado o PADRÓN PAI- DECEMBRO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1594

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0080, foi aprobado o PADRÓN PAI- XANEIRO 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 7 de abril de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1595

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0084, foi aprobado o PADRÓN PAI- FEBREIRO 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 7 de abril de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1596

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0155, foi aprobado o PADRÓN PAI-MARZO 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 5 de maio de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1597

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0170, foi aprobado o PADRÓN PAI-ABRIL 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 13 de maio de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1598

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0114 ,foi aprobado o PADRÓN SAF – FEBREIRO 2026, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 9 de abril de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1599

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0115 ,foi aprobado o PADRÓN SAF – MARZO 2026, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o

período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 9 de abril de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1600

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2026-0177, foi aprobado o PADRÓN SAF – ABRIL 2026, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 15 de maio de 2026.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1601

SAMOS

Anuncio

O día 15/06/2026, o Alcalde en funcións de Samos, mediante Decreto 2026-0113, aprobou as **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE TRES TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA, CAMPAÑA 2026, DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO SUBSCRITO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE TRES TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA, CAMPAÑA 2026, DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO SUBSCRITO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PRIMEIRA.- OBXECTO E NORMATIVA APLICABLE.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de TRES candidatos/as para o desempeño do posto de traballo de ENCARGADO DO MANEXO DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA (VMB) durante o prazo de operatividade sinalado no “CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE SAMOS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PEPAC 2023-2027”

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de contrato de traballo temporal eventual por circunstancias da produción, a xornada completa, durante tres meses, dependendo a data de inicio da de remate do proceso selectivo. En todo caso a duración do contrato estará condicionada ao cumprimento dos prazos sinalados no Convenio.

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

SEGUNDA.- FUNCIONS.

O persoal encargado do manexo do VMB realizará labores de prevención e defensa contra incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a extinción destes.

O VMB colaborará na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello, priorizando a actuación do VMB na extinción dos incendios forestais respecto

de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados. Outras funcións que poida fixar a Consellería do Medio Rural no Convenio.

O persoal encargado do manexo do VMB deberá ter plena dispoñibilidade horaria, incluíndo domingos, festivos, e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do Convenio e o vehículo deberá estar operativo polo menos 16 horas ao día.

TERCEIRA.- RETRIBUCIÓNS.

As retribucións brutas mensuais a percibir (as cales inclúen a parte proporcional das pagas extra) serán de 1.424,50€

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos ao presente procedemento, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos sempre á data de remate de presentación de solicitudes e deberanse manter ao longo de todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter unha idade comprendida entre os dezaioito e os sesenta anos.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. En mulleres tamén será excluínte o embarazo. Limitacións oftalmolóxicas e otorrinolaringolóxicas son igualmente causas de exclusión.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo C.

g) Titulación: certificado de escolaridade ou equivalente.

h) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar a través dun exame de galego nos termos que se sinalan na base 7.

QUINTA.- TRAMITACIÓN DO PROCESO.

5.1.- O anuncio da convocatoria e as bases que regulan o proceso selectivo faranse públicas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que serva para computar o prazo para a presentación de solicitudes. Todo iso, sen prexuízo de que as bases íntegras se publiquen no taboleiro de anuncios físico do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace concellosamos.sedelectronica.gal.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios físico do Concello de Samos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace concellosamos.sedelectronica.gal.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura como Anexo II á presente convocatoria, dirixido á Sra. Alcaldesa, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo en 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo

de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015 e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia selada na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com

5.2.- Á solicitude de participación (Anexo II) e a autorización para realizar a proba física de esforzo que deberá realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo III) debidamente cumprimentadas unirase inescusablemente:

- a) Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou do documento identificativo.
- b) Declaración responsable, asinado polo ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases no Anexo II.
- c) No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- d) Acreditar o coñecemento da lingua galega nos termos sinalados, Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 7.
- e) Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado nas presentes Bases dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- f) No seu caso, Certificación da condición de discapacidade e a súa compatibilidade para as tarefas do posto convocado.

No prazo máximo de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para presentar as instancias, a alcaldesa ditará resolución na que se aprobe a lista provisoria admitindo ou excluindo aos solicitantes e indicando a causa de exclusión, neste último caso se abrirá un prazo de DOUS (2) días hábiles para a emenda de defectos. Este prazo de emenda de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución da alcaldesa no taboleiro de anuncios desta entidade local. Rematado o prazo de emenda, ditarase resolución nun prazo de dous (2) días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como a data e hora na que se constituirá o Tribunal cualificador. No caso de que non houbera candidatos excluídos, a lista provisional elevarase automaticamente a definitiva.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo. Tampouco será posible a emenda dos méritos que se aporten para a fase de concurso.

Contra a resolución da Alcaldesa pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e no da sede electrónica do Concello (concellosamos.sedelectronica.gal) da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

A Alcaldesa nomeará no decreto polo que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos i excluídos os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), que será publicado no taboleiro de anuncios.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.
- Secretario/a: o da Corporación ou un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrabolo de dous sexos, ó ser a súa composición impar.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Os membros do Tribunal así como os asesores especialistas que se incorporen terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal disporá de tres días hábiles para elevar a súa Proposta á Alcaldía-Presidencia que ditará Resolución no prazo máximo de tres días hábiles. En ningún caso os aspirantes propostos poderán exceder do número de prazas convocadas.

A citada proposta dos candidatos/as seleccionados/as vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte á lexislación vixente. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal:

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan. Na mesma resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a data e hora na que se constituirá o Tribunal cualificador.

6.4 Abstención e Recusación:

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o concurso-oposición, realizándose en primeiro lugar a fase de concurso de méritos e posteriormente a de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento oficial fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos do proceso os que non compareceran na fase de oposición.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos ante posibles renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, na citada Proposta sinalaranse igualmente os aspirantes que tendo superado todas as probas, non resultaran seleccionados nos termos expostos co fin de contratar outro traballador que cumpra os requisitos polo tempo que reste ata cumprir o período subvencionado.

A) FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS:

A puntuación máxima a acadar por este apartado será de 4,00 puntos. Só se terán en consideración aqueles que figuren suficientemente acreditados consonte ao sinalado nas presentes Bases. A valoración farase de conformidade cos seguintes criterios:

A.1) Por experiencia previa en extinción, cun máximo de 2,00 puntos.

a) Por ter desempeñado na Administración Pública as funcións do posto de traballo ó que aspira: 0'10 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Administración Pública ou copia compulsada do/s contrato/s.

b) Por ter desempeñado as funcións do posto de traballo ó que aspira na empresa privada: 0'07 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Empresa ou copia compulsada do/s contrato/s.

A.2) Formación previa cun máximo de 2,00 puntos: Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Tampouco se valorará o curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas requirido para o acceso ás brigadas:

De 10 a 40 horas 0'25 puntos cada un.

De 41 a 75 horas 0'50 puntos cada un.

De 76 a 100 horas.....0,75 puntos cada un.

De máis de 100 horas... 1,00 punto cada un.

B) FASE DE OPOSICIÓN.

Puntuación máxima de 10 puntos. Estará integrada por dúas probas prácticas.

B.1) Proba de aptitude física, “proba do banco”: Terá carácter eliminatorio, e será calificada como APTO/NON APTO. Consistirá, previo sometemento ao recoñecemento médico de capacidade (excluínte no caso de non realizalo ou non superalo) que se realizará dentro dos quince días anteriores e cuxa data se sinalará na Resolución de Alcaldía na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 cm. para mulleres. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio descansará durante quince segundos, e unha vez finalizados tomaráselle o pulso. En consonancia co disposto na Comisión Técnica de Normalización sobre Incendios Forestais, esta proba, de carácter eliminatorio, basearase nos coeficientes oficiais establecidos como mínimos de capacidade aeróbica e aptitude muscular segundo as táboas que relacionan pulsacións, peso e idade, e requiríndose obter unha capacidade aeróbica igual a 40 como mínimo para ter a condición de APTO, quedando eliminado do proceso selectivo quen non acade a citada puntuación.

Os aspirantes non poderán nin fumar, nin beber, nin comer antes da proba, e deberán levar vestiario deportivo para a realización da proba.

O aspirante asinará un formulario de consentimento da proba con coñecemento de causa.

B.2) PROBA PRÁCTICA: Puntuación máxima de 10,00 puntos.

Realización dunha ou varias proba/s práctica/s, a xuízo do Tribunal, co fin de valorar o coñecemento e a aptitude do aspirante para o posto de traballo segundo o temario que se une no Anexo II das bases así como o manexo e operatividade do vehículo motobomba. O tempo máximo para a realización da/s mesma/s será de dez minutos.

B.3) PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame oral ante o Tribunal consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica (concellosamos.sedelectronica.gal) a puntuación total do proceso selectivo, dispoñendo os aspirantes dun prazo de alegacións de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no concurso de méritos, primeiro da letra a) e de persistir, letra b). De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

De efectuarse alegacións, resolveranse polo Tribunal a efectos da proposta definitiva. De non existir, a proposta provisoria elevarase automáticamente a definitiva. Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente a proposta definitiva para que dite Resolución cos candidatos seleccionados, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

NOVENA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles a partir da Resolución cos candidatos seleccionados para seren contratados, éstos deberán achegar a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do estranxeiro cidadán dun Estado membro da UE.
- 2) Copia compulsada da titulación requirida para o acceso ao posto e, no seu caso, permiso de conducir clase C.
- 3) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación sinalada na Base anterior polos interesados, **estes estarán obrigados/as a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente establece o Concello de Samos.** A non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores e se procederá a formalización do contrato laboral temporal eventual por circunstancias da produción determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente, vinculado á realización de tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais, segundo o establecido no Convenio de Colaboración que se asinou en data 23/04/2025 ca Consellería de Medio Rural.

Unha vez superado o curso, ditarase Decreto de Alcaldía de formalización do contrato de traballo. Establécese un período de proba de 1 mes segundo o artigo 14 do estatuto dos traballadores.

UNDÉCIMA.- DISPOSICIÓN FINAL.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984 de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local; Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

DUODÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación no B.O.P. do anuncio da convocatoria. Se transcorrerá un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación no B.O.P. do anuncio da convocatoria.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Samos, 15 de xuño de 2026.- O alcalde en funcións, José Antonio García Jurjo.

ANEXO I: TEMARIO.

TEMA 1. COMPORTAMENTO DO LUME: O INCENDIO FORESTAL.

- DEFINICIÓN DE INCENDIO FORESTAL.
- FORMAS DE PROPAGACIÓN DA CALOR NO MONTE.
- PARTES DUN INCENDIO.
- FORMA DOS INCENDIOS.
- TIPOS DE LUME.
- FACTORES QUE INFLÚEN NO COMPORTAMENTO DO LUME.

TEMA 2. EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

- ESTADOS DO INCENDIO.
- ORGANIZACIÓN PREVIA Ó COMBATE.
- COMBATE DO INCENDIO. TÉCNICAS DE EXTINCIÓN.
- ACCIÓNS TRALO INCENDIO: O RELEVO.

TEMA 3. SEGURIDADE PERSOAL.

- UNIFORME E EQUIPO DE PROTECCIÓN PERSOAL.
- PRECAUCIÓNS XERAIS.
- PRECAUCIÓNS NO USO DE FERRAMENTAS MANUAIS.
- PRECAUCIÓNS NO EMPREGO DE FERRAMENTAS A MOTOR DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA, DE MAQUINARIA PESADA, DE MEDIOS AÉREOS, E NO TRANSPORTE.
- PRECAUCIÓNS NOS CONTRALUMES.
- PRECAUCIÓNS Ó MANEXAR RETARDANTES.

TEMA 4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

- CONCEPTO, OBXECTIVOS E ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.
- EPOCAS DE PERIGO.
- ORGANISMOS QUE INTEVEÑEN E COORDINACIÓN ENTRE ELES.
- PROCEDIMENTO OPERATIVO.

TEMA 5. AS COMUNICACIÓNS NO DISPOSITIVO CONTRA INCENDIOS.

- CANLES E EQUIPOS EMPREGADOS.
- NORMAS PARA O EMPREGO DA REDE DE TRANSMISIÓNS.

TEMA 6. O XEFE DE CUADRILLA.

- FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES.
- A ORGANIZACIÓN DA CUADRILLA.
- ACTUACIÓN DO XEFE DE CUADRILLA DURANTE A PREVENCIÓN E NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

TEMA 7. PLADIGA

TEMA 8. PRIMEIROS AUXILIOS.

TEMA 9. LEI 3/2007 DO 9 DE ABRIL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA.

TEMA 10. COÑECEMENTOS SOBRE O TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAMOS.

- ENCADRE TERRITORIAL, POBOACIÓN, PARROQUIAS E ALDEAS.
- VIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, AUTONÓMICA E PROVINCIAL

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRES (3) TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA, CAMPAÑA 2026, DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO SUBSCRITO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

Primeiro apelido Segundo apelido Nome

D.N.I Teléfono

Domicilio

Localidade Provincia Código Postal

Posto ao que opta.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Samos para a contratación laboral temporal (eventual polas circunstancias da produción), de tres (3) traballadores encargados da prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, campaña 2026, ao abeiro do “CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE SAMOS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2025-2026 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DA PEPAC DE GALICIA 2023-2027”

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

SEGUNDO.- Que reúno na data de remate do prazo de presentación da instancia a totalidade de requisitos xerais e específicos esixidos na convocatoria, os cales coñezo e acepto:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter unha idade comprendida entre os dezaioito e os sesenta anos.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. En mulleres tamén será excluínte o embarazo. Limitacións oftalmolóxicas e otorrinolaringolóxicas son igualmente causas de exclusión.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Que presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

- Copia cotexada do DNI ou documento identificativo. o Acreditación do coñecemento da lingua galega.
- Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 7. o No seu caso, Certificación da condición de discapacidade e a súa compatibilidade para as tarefas do posto convocado.
- Acreditación da titulación esixida e do permiso de conducir clase C.
- Outros (indicar):

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE SAMOS
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados do mesmo
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd)
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello
Exercicio de dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a concellosamos@concellosamos.gal ou a través da sede electrónica do Concello de Samos
Contacto do DPD	dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org
Información adicional	Pode consultar máis información en https://concellosamos.sedelectronica.gal/privacy.1

Polo exposto **SOLICITO** que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

....., a de de 20.....

O/A solicitante,

Asdo.

ANEXO III: CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

Don/Dna, con D.N.I,
como parte do proceso de selección de 3 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA,, entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquer momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

Samos a de de 2026.

O/a solicitante

Asdo,

R. 1623

VIVEIRO*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 03 de xuño de 2026, aprobouse provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza:

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 41 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO PAZO DA MISERICORDIA

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 5 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1602

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 12 DE XUÑO DE 2026, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2026

BDNS (Identif.): 913076

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/913076>)

Primeiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencions as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA), sempre que leven a cabo actividades silvopastoris con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á defensa do medio rural.

Asemade, as persoas físicas ou xurídicas solicitantes das axudas deben ser titulares de explotacións que inclúan algunha das seguintes tipoloxías de gando: cabalar, cabrún, ovino ou porcino, podendo incluír ademais especies de gando maior en sistemas mixtos de silvopastoreo.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarias.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Asemade, as beneficiarias quedarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa ?O que non arde?, na anualidade 2026.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa ?O que non arde?, na anualidade 2026, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2026, é de 400.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789.

O importe das axudas para cada beneficiaria será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 6.000 €.

Con todo, no suposto de que a solicitude de subvención inclúa a adquisición de pasos canadenses e/ou de los colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal, a contía máxima poderá alcanzar os 12.000 €, sempre que o importe da subvención afectado á súa adquisición sexa, como mínimo, de 6.000 €.

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5 % das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións ás que se refire a Base 4, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a) Solicitude (Anexo I).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

- b) No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).
- c) Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.
- d) Copia do NIF do solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.
- e) Copia do/s documento/s que acredite/n que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA; poderá acreditarse a dita inscrición con algún dos documentos indicados no apartado f) no que figure o número de REGA.
- f) Cartografía catastral do SIGPAC ou similar, na que se sinalen os terreos nos que se practica o silvopastoreo, e declaración censual anual, emitida en data posterior ao 31 de decembro de 2025, acreditativa dos animais empregados na execución da actuación subvencionable.
- g) Orzamento de gastos da actividade a subvencionar (Anexo III).
- h) Declaración responsable (Anexo IV), na que se indique:
- Que a solicitante non se atopa en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.
 - A desagregación do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención.
 - Se o/a solicitante pediu e/ou lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade.
 - Que o/a solicitante non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e o réxime de asunción do IVE.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

- i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.
- j) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicialos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicialos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Lugo, 15 de xuño de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1624